



aulas livres

revista de pensamento,
informação e debate
do **steg**

10

aulas libres nº 10

Galiza, Maio de 2018.

aulaslibres@steg.gal

Edita:

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe:

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG.

Coordinan:

Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal.

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz Cabanas.

Impresión:

Parsan Gráfica

Depósito legal: C 2092-2013

ISSN: 2340-8618

Permítese a reprodución sempre que se cite autoría e procedencia.

Distribución gratuíta.

A revista non se fai necesariamente partícipe das opinións das persoas que colaboran nela.

A confección deste número pechouse o 1 de maio de 2018

aulas libres 10



2 editorial
Permanente do STEG

3 acción sindical
Permanente do STEG

7 26 de abril:
pola visibilidade lésbica
Asemblea de Mulleres do
STEG

8 8 de marzo
Paula Ríos

9 novas masculinidades
Xosé Cabido

12 xornadas coeducación
Isabel González Avión

14 xornadas autismo
Pilar García

16 entrevista con Pamela
Palenciano
Lois Pérez
Pía Outeiriño

21 experiencias de aula:
científicas con premio
Uxi Ínsua López

22 experiencias de aula:
radio escolar
Lucía Abarrategui
Sergio Pascual
M^a Camino Pereiro

25 encontros de centros
convivencia positiva
Sonia Fernández Casal

27 aulas de posguerra na
poesía galega
Emilio X. Ínsua

33 para ver, para ouvir,
para ler
Emilio X. Ínsua
Isabel González Avión

40 texto literario
M^a Victoria Moreno

editorial

Verdadeiramente cómpre vencer certa sensación de fastío para poñerse a escribir sobre a marcha do ensino en particular e da sociedade en xeral, asediados como estamos, día si e día tamén, por novas que non fan máis que confirmar aquilo tan shakespereano de que “algo ule a podre” por toda a parte.

Un día a xustiza española ditamina que a violación grupal, premeditada e logo exhibida dunha rapaza por cinco energúmenos machistas en xauría resulta “só” abuso. Outro día descubrimos que non poucas pezas da clase política (non unicamente Cristina Cifuentes) inflan con esmero os seus currículos académicos a base de falsas licenciaturas e masters de matute, revelando o mercadeo de títulos e as prácticas nepóticas que se cultivan nalgúnhas universidades e deixando ao descuberto, en derradeira instancia, que moitas veces ocupan cargos, poltronas e responsabilidades de xestión estando faltas da máis mínima preparación e competencia para iso, como non sexa o “si bwanismo” dentro das estruturas partidarias das que se valen para realizaren o seu particular ascenso político e social. Non deixa de ser revelador que de moitas desas persoas hoxe desmascaradas teñamos escoitado nos últimos tempos, a propósito da implantación da LOMCE, loas á “cultura do esforzo”, á “competitividade” como valor educativo e á procura da “excelencia” como ideal...

A contumacia da Xunta de Galicia e do seu vicepresidente Rueda diante da folga, tan verdadeiramente épica como xustificada, do persoal funcional da Xustiza revela ata que punto o substantivo “prepotencia” ocupa un lugar moi destacado nos códigos negociadores dos que confunden a súa representatividade maioritaria nun Parlamento co absolutismo. E que diremos do continuo esvaciamento da “caixa das pensións” e da pírrica suba prevista para ese colectivo, nunha sociedade en que a concentración da riqueza tende a multiplicarse ata o infinito e o aumento das desigualdades bate récords porcentuais a nivel europeo? Haberemos de dicir, como aconsella M. Rajoy, “no nos metamos en eso”?

Que a estas alturas os Jordis e outros dirixentes do independentismo catalán presos non estean nos seus fogares e sigan sendo reféns da prepotencia alburgueira e vingativa dun xuíz parcial erixido en salvapatrias desvela a índole profundamente involutiva e reaccionaria dunha parte do aparello xudicial, esa que condena rapeiros pola súas letras críticas, persegue twitters, manda incautar camisetas amarelas e sae en tromba a protestar e autoprotexerse cando a indignación popular cuestiona multitudinariamente o nesgo dalgunha das súas decisións infumábeis.

Hai tempo que están prendidas as alarmas da involución reaccionaria e autoritarista na democracia hispana, mais boa parte da esquerda política e sindical, tanto galega como española, que semella non sentir as crecentes mordazas e dogais que nos asfixian, persiste en entreterse mirándose o embigo, leándose en conspiracións intestinas ou cultivando con esmero digno de mellor causa as diferenzas de matiz en vez dos mínimos comúns denominadores que permitan abrir a ilusión dun cambio de rumbo, imprescindible mesmo no curto prazo.

A LOMCE continúa a súa existencia “zombi”, blindando os concertos coa privada, a segregación por sexo, o aberrante estatus académico da relixión, o esvaciamento competencial dos consellos escolares, a ausencia de educación para a cidadanía etc., etc. A comisión que tería que avanzar na elaboración dun novo pacto educativo está sumida no marasmo e os orzamentos xerais do estado presentados polo ministro Montero sancionan unha nova redución (a enésima!) da porcentaxe do P.I.B. dedicada á educación, que para algo quen nos goberna e quen amosa moita presa por gobernarnos (léase a hoste de Albert Rivera) son, ambos e dous, obedientes e avantaxados discípulos da escola neoliberal.

Despois de anos de restrición máxima na oferta pública de prazas docentes no noso país, afrontamos unha convocatoria de números relativamente avultados, o que non deixa de ser algo positivo, mais facémolo, máis unha vez, cunhas “regas de xogo” que non farán máis que reeditar vellos agravios e inxustizas xa coñecidas. STEG e a Confederación dos STES vimos defendendo desde hai moitos anos que a única maneira de conciliar lexítimos intereses, de avaliar correcta e ponderadamente os méritos e a experiencia docente e de garantir a escolla das persoas máis válidas nas oposicións ao corpo docente pasa por contemplar, si ou si, un sistema de acceso diferenciado.



acción sindical

mobilizacións do profesorado interino

O STEG apoia as mobilizacións do colectivo e lembra a súa posición a respecto do sistema de acceso

Dende o STEG queremos expresar o noso apoio ao colectivo de profesorado interino, ameazado por unha transitoria-trampa que suporá un ERE masivo. Reiteramos o noso compromiso de esixir iguais dereitos para igual traballo, reclamando unha garantía de estabilidade para o profesorado que leva anos traballando e demostrando a súa capacidade e experiencia laboral.

Esiximos a retirada do Real Decreto de acceso docente, que na práctica suporá que moitas persoas con anos de experiencia van perder o seu posto de traballo, lembrando a nosa aposta por un modelo de acceso diferenciado, **unha reivindicación que o STEG leva moitos anos xa defendendo**, que garantice igualdade de oportunidades entre as prazas de acceso libre e as prazas para persoal interino.

Non podemos esquecer que este problema é consecuencia dos sucesivos anos de recortes que se cebaron co colectivo máis vulnerábel e máis perxudicado pola diminución de postos docentes e o aumento das ratios e das horas lectivas.

Entendemos, non obstante, o desencanto que existe dentro de persoas pertencentes a este colectivo respecto ás organizacións sindicais ao non ver respostas claras ás súas demandas, pero **queremos lembrar que o STEG historicamente veu defendendo claramente a opción que xulga a máis axeitada para este colectivo**. Tamén, que o STEG é un sindicato asembleario, e que calquera persoa, afiliada ou non, está convidada a participar nos nosos órganos de participación (assembleas) e expoñer o seu punto de vista e as súas reivindicacións, polo que animamos a calquera persoa que queira ver as súas demandas escoitadas a que participe abertamente nos nosos debates e nas nosas tomas de decisións.

É momento de sumar, non de dividir, polo que o STEG apoiará as mobilizacións que o colectivo de profesorado interino e substituto leve a cabo tanto a nivel estatal coma na propia Galiza.

Dende o STEG nunca cansaremos de berrar NON Á LOMCE!

1^o de Maio

UNÍNDO LOITAS CARA A FOLGA XERAL

Pan, Traballo, Teito e Dignidade



PROSAGAP
Sindicato de Profesores de Secundaria Galega Pública



Estas son algunhas das **propostas de resolución** que presentamos desde o STEG durante o presente curso nos respectivos **plenos das Xuntas de Persoal Docente** provinciais:

1. en demanda de garantías de dotación suficiente dos cadros de persoal dos cpi's

O alumnado de centros pequenos e zonas rurais resulta frecuentemente discriminado, pois é aí onde non sempre hai horas lectivas suficientes de determinadas especialidades, mesmo que sexan transversais en toda a ESO, e a Consellaría opta por non cubrir prazas con destino definitivo.

Os CPI foron criados con dous obxectivos: abaratar custos á administración (ao non construír un IES) ao mesmo tempo que se mantiña unha oferta de calidade en zonas rurais con perigo de despoboamento.

Esa singularidade que se atendeu para "inventar" este tipo de centros, que non recollía inicialmente a lei, debe terse en conta para dotalos de recursos.

A oferta variada de optativas é considerada unha medida de atención á diversidade, xa que o sistema atende así aos diferentes intereses do alumnado. Mais estas materias esixen un mínimo de 5 persoas matriculadas, cousa difícil de conseguir moitas veces nos CPI's pola súa propia índole. É dicir, polo feito de estudar nun centro pequeno, o alumnado ve reducida unha medida de atención á diversidade á que ten dereito. Por tanto, debe considerarse a posibilidade, compensatoria doutras carencias, doutras medidas de atención á diversidade: desdoblamento de grupos, ofrecer

apoios en aula... Son formas legais e lexítimas de completar o horario do profesorado.

Neste sentido, os CPI's deben ter trato particularizado en atención á menor oferta xeral, tanto cultural como educativa, que pode gozar o alumnado do rural. A administración non pode desatender agora esa poboación, que, lembremos, sostén cos seus impostos igual que o resto o sistema educativo.

Por todo isto, o Pleno da Xunta de Persoal esixe que se garanta nos CPI's un cadro persoal estábel e suficiente, en cantidade e calidade - a calidade ven marcada pola estabilidade e a especialización - que dea garantía ao alumnado de estar a recibir, cando menos, a mesma oferta educativa e as mesmas oportunidades de formación que nos centros urbanos.

2. demandando de que a consellaría esixa a acreditación de coñecemento do idioma galego en todas as especialidades para as que convoca vacantes no cxt

A Consellería de Educación publicou na súa web a Orde que regulará o Concurso Xeral de Traslados. Co pretexto de que coa diferenza de baremación non se vexan prexudicadas as persoas de fóra do noso territorio, esta convocatoria, que debería ser de ámbito autonómico, ábrese a que participe o persoal docente do resto do Estado.

Nesa Orde contéplase que só se vai esixir a acreditación do coñecemento da lingua galega ás persoas aspirantes que queiran acceder a prazas nas especialidades de Educación Infantil, Educación Primaria

e Ciencias Sociais nas etapas de Infantil e Primaria, e nas especialidades de Bioloxía e Xeoloxía e Xeografía e Historia na etapa de Secundaria.

Cómpre lembrarlle á Consellaría que tanto na Lei do Emprego Público de Galiza coma nas diferentes convocatorias de emprego público para o persoal docente se esixe que para ingresar á función pública docente en calquera dos seus corpos e especialidades é indispensábel a acreditación do coñecemento do galego. Tamén se recolle nas ordes que regulan os horarios do profesorado que, sexa cal sexa a súa especialidade, o persoal docente pode completar horario impartindo materias para as que a propia Consellaría reconece a necesidade do requisito lingüístico nesta orde de CXT.

Por todo isto, o Pleno da Xunta de Persoal Docente esixe á Consellaría que cumpra o seu deber de protexer, respectar e promocionar o uso da nosa lingua e que, modificando a devandita Orde que regula o CXT, esixa a acreditación do coñecemento da lingua galega para todas aquelas persoas que, de ser o caso e con independencia da especialidade pola que opten, soliciten unha vacante docente en Galiza.

3. para o fomento das políticas de igualdade no ámbito educativo

Tras a intensa mobilización do pasado 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, e no camiño de concretizar medidas que axuden a traducir en feitos e realidades as xustas demandas formuladas arredor desa data reivindicativa,

O Pleno da Xunta de Persoal Docente reclama da Consellaría de Educación e das Xefaturas Territoriais no seu ámbito específico:

- Que se retomen as políticas activas de fomento da igualdade no ámbito educativo.
- Que se implementen de xeito xeneralizado plans de igualdade nos centros, para combater a pervivencia dos estereotipos e das prácticas sexistas.
- Que se aposte de maneira clara e decidida pola coeducación como modelo.

- Que cesen as subvencións de diñeiro público e os concertos educativos con centros que segregan por sexo o alumnado.

- Que se amparen e homologuen na norma laboral coas demais traballadoras docentes os dereitos das mulleres docentes substitutas e interinas embarazadas no tocante a lactancia, permisos e licenzas por risco no embarazo.

- Que se adiquen máis medios e máis recursos para facer chegar ao alumnado nas nosas aulas a mensaxe de erradicación de todo tipo de violencia e discriminación contra as mulleres.

4. en demanda dunha normativa que posibilite a redución horaria lectiva para o profesorado maior de 55 anos ata a idade legal de xubilación, sen minoración de retribucións

Unha das reivindicacións laborais máis relevantes que está aínda pendente de conseguir na Galiza é a redución do horario lectivo ás persoas maiores de 55 anos ata a idade legal de xubilación, sen minoración das retribucións.

Segundo o recollido na LOE (Lei Orgánica 2/2006, de Educación), nun artigo 105 que, convén salientalo, non foi modificado pola LOMCE (Lei Orgánica 8/2013 de Mellora da Calidade Educativa), o profesorado docente maior de 55 anos pode acollerse a unha redución de xornada lectiva a petición propia. Mais para que se poida facer efectiva esa solicitude de redución de xornada, precísase que o citado artigo 105 da lei teña o correspondente desenvolvemento normativo en cada territorio con competencias plenas en materia educativa.

Acontece, porén, que no ámbito da comunidade autónoma galega ese desenvolvemento segue pendente a día de hoxe, de maneira que o profesorado galego de máis de 55 anos non pode acceder, como si poden os doutros territorios autónomos, a ese beneficio sociolaboral contemplado na lei.

Por todo isto, o Pleno da Xunta de Persoal Docente

INSTA novamente á Consellaría de Educación a desenvolver normativa, no prazo máis breve, as normas e procedementos para o acceso por parte do profesorado maior de 55 anos a unha redución horaria lectiva, sen minoración das súas retribucións.

5. rexeitando a idea que algúns grupos políticos trasladaron á subcomisión parlamentaria polo pacto educativo no congreso dos deputados de permitir que se concerten no inmediato futuro algúns tramos educativos non obrigatorios

Por diversos medios vense de saber que varios partidos pactaron na Subcomisión Parlamentaria polo Pacto Educativo do Congreso dos Deputados que a universalización do dereito á educación desde os 0 aos 3 anos e desde os 16 aos 18 anos abranxa no inmediato futuro todos os “centros sostidos con fondos públicos”, sen distinción ningunha entre os de titularidade pública e os de titularidade privada.

Estamos, pois, diante dun paso nefasto e de consecuencias irreparábeis para estender o sostemento con fondos públicos aos tramos do sistema educativo que ata agora permanecían á marxe do réxime de concertos.

As consecuencias negativas para a rede pública de centros, a maioritariamente usada pola sociedade, serán de dous tipos: por unha banda supoñerá unha inxección de diñeiro para os negocios privados da educación que se detraerá do que tería que ser investimento na rede pública; por outra banda, reforzará a xa deslata competencia dos centros privados fronte aos públicos, na medida en que aqueles poderán facer unha oferta completa desde o primeiro ciclo de Educación Infantil ata o Bacharelato, ambos inclusive.

Por todo o anteriormente exposto, o Pleno da Xunta de Persoal Docente rexeita o principio de acordo promovido por algúns partidos na Subcomisión Parlamentaria polo Pacto Educativo do Congreso dos Deputados para que a universalización do dereito á educación desde os 0 aos 3 anos e desde os 16 aos 18 anos abranxa no inmediato futuro todos os “centros sostidos con fondos públicos”, sen distinción ningunha entre os de titularidade pública e os de titularidade privada, pois semellante medida non faría máis que incidir no proceso de privatización do ensino e aumentar o desvío de fondos públicos para o ensino privado baixo a fórmula dos concertos.

6. esixindo por parte da inspección educativa un seguimento das cualificacións na materia de relixión que evite determinadas “desviacións” que constitúen un agravio comparativo respecto a outras materias e resultan ademais inxustamente discriminatorias para o alumnado que non elixiu esa opción

En anteriores ocasións, o STEG trouxo ao Pleno da Xunta de Persoal Docente propostas finalmente aprobadas en que se demandou instar ao Goberno para

que procedese á supresión do ensino doutrinal da(s) relixión (s) como materia do currículo escolar e se fixo defensa dunha escola nidiamente aconfesional.

Infelizmente, o Goberno e a súa LOMCE non só persistiu na idea de manter a oferta obrigatoria dese ensino doutrinal senón que lle deu estatuto de avaliable e computábel na media académica, o que supuxo consecuencias aínda máis graves e intolerábeis.

Así, desde a entrada en vigor da LOMCE, veñen sendo cada vez máis frecuentes en moitos centros as queixas en relación ás cualificacións outorgadas na materia de Relixión, no sentido de que aquelas contrastan en non poucas ocasións, “por exceso”, coas cualificacións obtidas no resto de materias, premiando ao que parece a escolla da propia optativa con notas que logo repercuten claramente nas “medias” do alumnado e que, sobre todo en bacharelato e de cara ás ABAU, deixan en evidente desvantaxe ao alumnado que optou por outras materias onde o nivel de esixencia e os requisitos de avaliación parecen seguir estándares máis rigorosos, obxectivos e, desde logo, controlados pola propia Inspección educativa.

Este xeito de proceder, lonxe de constituír un feito anecdótico, constitúe unha práctica cada vez máis habitual do desexábel desde a entrada en vigor da LOMCE e causa, en definitiva, como é doado comprender, algúns efectos perversos tanto na dinámica de escolla das optativas por parte do alumnado como na conformación das notas medias de avaliación no expediente que poden logo resultar decisivas para o acceso a determinadas titulacións universitarias.

Por todo o exposto, o Pleno da Xunta de Persoal Docente insta aos servizos da Inspección educativa a facer un seguimento exhaustivo desta eventual desviación e abuso que se está podendo cometer nas cualificacións da materia de Relixión, nomeadamente no Bacharelato, e a comprobar se realmente esas altas cualificacións xeralizadas nesa materia que se poden constatar desde a entrada en vigor da LOMCE se axustan a criterios verdadeiramente ecuánimes, obxectivos e que aparezan reflectidos nas correspondentes programacións didácticas¹.

¹ Esta proposta de resolución non prosperou no Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra celebrado o 21 de marzo de 2018, ao votaren en contra dela os delegados e delegadas de CIG e de FETE-UGT, coa abstención dos de CC.OO., a ausencia dos de ANPE e CSIF e os únicos votos favorábeis dos catro representantes de STEG.

26 de abril: pola visibilidade lésbica

Asemblea de Mulleres do STEG

O 26 de abril conmemoramos o Día da Visibilidade Lésbica, unha data para lembrarmos a importancia de que as mulleres lesbianas sexamos visibles no espazo público, que sexamos referentes en todos os ámbitos e non soamente no do activismo polos dereitos LGTBI.

Fai falta lembrar que as mulleres lesbianas somos dobremente discriminadas, polo noso sexo e pola nosa orientación sexual. Somos invisibilizadas polo sistema patriarcal en todos os ámbitos sociais, dado que só se impón o modelo heterosexual.

Se había épocas en que o propio Estado era o que penaba e perseguía a homosexualidade, a loita contra a lesbofobia ten que pasar inevitablemente porque as institucións outorguen o recoñecemento que se merecen aos movementos LGTBI e ao feminismo, sen a loita dos cales non se conseguiron algúns dereitos fundamentais.

Ser lesbiana continúa sendo un estigma castigado e perseguido en moitos países do mundo. Noutros, aos que chamamos desenvolvidos, segue sendo difícil facerse visible. Desde os crimes por odio ás violacións correctivas, as violencias machistas que sufrimos as mulleres lesbianas son moitas. A miúdo a única protección ante elas é ser invisible, contribuíndo así á propia invisibilidade á que nos somete a sociedade. Unha sociedade patriarcal que segue negando a realidade, ocultando que as mulleres somos máis da metade da poboación.

As loitas polos dereitos LGTBI foron posibles pola visibilidade de homes homosexuais, pero onde quedan as activistas lesbianas, bisexuais, transexuais...? Invisibilizadas como no resto de loitas e de ámbitos. A historia segue estando escrita polos homes. A presenza de lesbianas é moito menor que a de gais en todos os ámbitos sociais, a política, a cultura ou a historia. A falta de referentes de lesbianas no mundo público dificulta máis que «saian do armario» outras.

Se o que non se nomea, non existe, temos que visibilizar o compromiso político e social para acabarmos con toda discriminación e conseguirmos a incorporación de todas as mulleres, con independencia da súa orientación ou identidade, a calquera dos ámbitos sociais.

No estado español, a invisibilidade social do lesbianismo, o acoso escolar e as agresións aumentan de forma alarmante. Ademais, os recortes en gasto social e en políticas de igualdade ou a precariedade laboral teñen afectado máis ás lesbianas, excluídas tamén de recursos en materia de violencia de xénero. Dobremente discriminadas.

Hoxe lembramos de novo que esta invisibilidade ten consecuencias. Por exemplo, na atención sanitaria que reciben as lesbianas. Os protocolos xinecolóxicos e as políticas de prevención de ITS non contemplan as prácticas sexuais entre mulleres e o Goberno do estado excluiu as lesbianas da reprodución asistida. No sector educativo, non se aborda a diversidade sexual nos centros escolares, dando un tratamento e un enfoque puramente heterosexual.

Vemos que os nosos dereitos son atacados por unha sociedade hetero-patriarcal que nos invisibiliza e relega ao ámbito privado. Somos mulleres, lesbianas, bisexuais, autónomas, diversas. A diversidade nunca pode ser motivo de exclusión e discriminación. Queremos igualdade real e efectiva para todas, sermos libres para elixirmos a nosa sexualidade, afastada do modelo hetero-patriarcal. Queremos ser as protagonistas porque a invisibilidade condénanos. Deamos un portazo nos armarios pola visibilidade lésbica!

8 de marzo a revolución feminista está aquí

Paula Ríos
Activista Feminista
Mulleres Nacionalistas Galegas

O 8 de marzo de 2018 foi unha xornada histórica. O movemento feminista levantou algo que parecía imposible: unha folga xeral laboral, de coidados, consumo e estudos contra todas as discriminacións e violencias das que somos obxecto as mulleres, unha mobilización que removeu todo. Hai un antes e un despois no percorrido histórico dos feminismos no noso país e no estado marcado polas multitudinarias mobilizacións deste ano.

Este 8 de marzo o movemento feminista conseguiu imporse no debate público incomodando e obrigando a tomar posición a todo o espectro político e sindical; quen nos próximos tempos intente capitalizar ou tirar rendemento do acadado vai atopar marusia porque se por algo se ten caracterizado o feminismo é pola defensa férrea dos seus logros e da autonomía que ven con eles. Esa autonomía que lle permitiu acadar o seu propio corpo ideolóxico, teórico e tamén político en diálogo con outras tradicións sociais e políticas.

A construción da folga feminista significou un proceso de politización moi importante para amplas capas de mulleres. A situación de extrema precariedade na que nos atopamos o groso das mulleres, a fenda salarial e de pensións, a pobreza feminizada, o acoso e as violencias sexuais ou que facemos cos coidados, estiveron moi presentes non só entre as activistas ou en espazos mediáticos senón tamén nas rúas.

A construción da folga, ao meu modo de ver, significou para o movemento feminista dúas cousas moi importantes: un horizonte compartido e un proceso de construción da auto-organización do propio movemento.

Nos últimos tempos vivimos mobilizacións e accións políticas feministas inesperadas e masivas. Despois de décadas difíciles nas que a reacción patriarcal



logrou colocarnos á defensiva e case silenciarnos, hoxe a nosa voz vólvese ouvir con forza. As feministas creamos un movemento global máis forte do que nunca tiñamos imaxinado.

O feminismo está a vivir un momento de grande respaldo social. Con todo, hai que preguntarse polas razóns deste rexurdir e eu creo que este débese a que soubemos apuntar politicamente aos lugares de maior desigualdade e discriminación e dar no alvo.

Os feminismos identificamos rapidamente o capitalismo neoliberal como unha das fontes inesgotables de explotación económica e de feminización da pobreza. E tamén desenmascaramos o populismo de dereitas con precisión. E, desde logo, hai que sinalar que o feminismo visibilizou a violencia contra as mulleres e convenceu a sectores de poboación moi amplos de que tantas violencias vulneran a democracia e cuestionan as bases mesmas da convivencia social.

No 2014 mobilizámonos contra o intento de recortar o dereito ao aborto por parte de Ruíz Gallardón, co resultado da dimisión do funesto ministro. No 2015, nas rúas de Madrid, mulleres de todo o estado convertémonos o feminismo nun movemento de masas contra a violencia patriarcal. Estas mobilizacións ficarán na memoria como o inicio dunha nova etapa de loitas.

E isto é só a punta do iceberg. Pódese dicir que o feminismo estivo á altura da historia e soubo interpretar os intereses e necesidades das mulleres. O que vivimos nos últimos anos, combinado co ciclo de mobilizacións e paros internacionais, levantou un horizonte de loita compartido, involucrou a



novos colectivos feministas e a toda unha capa de mulleres moi novas con aquelas que viñamos picando pedra desde había décadas. Isto lévanos á cuestión de como manter esta experiencia no tempo.

Os deberes que levamos para este novo ciclo son moitos: como darlle continuidade a unha experiencia así, como profundamos no proceso de auto-organización e de coordinación, como maduramos e lanzamos iniciativas a distintas escalas. Como crear e seguir funcionando en asembleas realmente aglutinadoras de diferentes organizacións e sensibilidades. Como crear comisións máis inclusivas que permitan a participación de colectivos de mulleres migrantes ou racializadas.

Entre os retos está tamén o de como apoiar outras mobilizacións coas que mantemos afinidade, como a loita polas pensións e polos servizos públicos... sen perder o carácter autónomo do feminismo.

As radicais, as anticapitalistas, as que levamos o demo dentro fixemos historia e a tarefa que nos convoca cara ao futuro está clara. Neste momento preciso da historia, varias xeracións de mulleres estamos a convivir e a compartir unha conciencia de xénero única sensibilizadas todas polo terrible impacto da violencia machista e pola inequidade nas oportunidades. Non é unha, somos todas e o 8 de marzo foi un fito, pero non un punto final.



novas masculinidades

Xosé Cabido

Vai xa para catro anos comezamos no IES Fontexería de Muros, desde a Comisión de Igualdade, unha liña que, por novidosa, resultou moi motivadora á par que nos preocupaba como sería recibida polo alumnado: traballar a igualdade con homes e mulleres por separado. O obxectivo deste artigo pretende non só explicar a experiencia destes anos senón xustificar a proposta ao mesmo tempo que invitamos aos centros de secundaria a desenvolverla.

O obradoiro que denominamos de **novas masculinidades** comezou facéndose con alumnado de 3º da ESO e desde o curso pasado facémolo tamén con 1º de Bacharelato nun formato distinto. Neste artigo detereime a explicar a experiencia do obradoiro de 3º da ESO.

Antes de abordar a concreción do proxecto é preciso contestar unha pregunta: cal é a xustificación de traballar co alumnado separado por sexo? Non nos estenderemos nesta xustificación pois excede o ámbito deste artigo, pero é preciso afirmar a imperiosa necesidade de que os homes reflexionemos sobre o machismo asumindo a nosa posición de actor privilexiado. Existen peculiaridades do ser home que nos espazos mixtos resulta, para os nenos, difícil de verbalizar (emocións, temas de sexualidade...) imposibilitando a reflexión sobre accións sustentadoras do machismo social e cultural. Ademais resulta esencial a observación doutros modelos de masculinidade, tanto no ofrecido polo condutor do taller como polos novos modelos que comezan a verse nos nenos. Non podemos negar que o modelo patriarcal fai infelices aos nenos, mais por causas distintas que ás nenas, polo que é imperativo abordar este tema. Non pretendemos culpabilizalos do machismo mais si responsabilizalos de coñecelo e asumir os beneficios dos privilexios deste sistema que nos defende e educa como superiores. Este recoñecemento vainos levar á necesidade de renunciar ao poder para construír un mundo máis igualitario e libre. Neste camiño construímos unha felicidade baseada na igualdade e na capacidade de ser como nós mesmos queiramos ser. Para todo isto debemos deconstruír e logo reinventar as relacións coas mulleres e entre os homes desde o paradigma da igualdade.

O proxecto ponse en marcha co obxectivo de deconstruír o concepto de masculinidade tradicional substantivado nunha concepción heterosexual uniformadora e patriarcal. Pretendemos deconstruír o concepto de masculinidade co obxectivo de cargalo dun significado polisémico no que terán cabida outras masculinidades igualitarias e non necesariamente heterosexuais.

A metodoloxía pretende ser fundamentalmente dialóxica e práctica apoiada permanentemente en medios audiovisuais. O obradoiro condúcese sempre con preguntas que poden ser para responder no momento oralmente ou para escribir. O método do cuestionamento e do diálogo ten como obxectivo evitar a percepción de adoutrinamento para que sintan que son eles, ao modo socrático, os que chegan ás súas propias conclusións-revelacións. No diálogo que establecemos fomentamos o uso da primeira persoa do plural, o “nós os homes”, para facilitar a participación pública evitando exposicións individuais incómodas.

A experiencia ponse en práctica na hora de tutoría de 3º da ESO traballando a dinamizadora de igualdade coas mulleres e eu cos homes na biblioteca do centro. Desde o comezo deste proxecto dobráronse o número de horas que se fixeron necesarias comezando o primeiro ano con tres horas, no momento actual xa estamos nas oito horas e pensamos en aumentalas despois da análise da experiencia.

O obradoiro estrutúrase en catro partes: 1. Análise dos estereotipos; 2. A mochila masculina; 3. A nosa relación coas mulleres e a nosa sexualidade; 4. A nosa relación con homes e a homosexualidade.

A experiencia comeza coa deconstrución do concepto de masculinidade analizando os condicionamentos de xénero motivado por nacer cun sexo ou outro. Pretendemos incidir na orixe cultural das condutas ás que se nos obriga polo feito de ser homes para inferir as seguintes conclu-

sións: - estamos determinados a obrar en función do que a sociedade agarda de nós como homes; - non somos libres, polo que ser home segundo a sociedade patriarcal é unha imposición; - rematamos preguntándonos se queremos ser así e se este modelo de ser home é tóxico ou beneficioso para nós.

Recoñecendo ser beneficiarios dos privilexios, abrímonos á reflexión do pernicioso que é para nós o machismo.

O traballo anterior faise deténdonos no axente de socialización máis pernicioso para os estereotipos masculinos patriarcais: a publicidade. Facemos uso e análise de imaxes e vídeos de anuncios publicitarios potenciadores dunha imaxe do home heterosexual, forte, valente, sempre desexado, con dereito ao uso e abuso do corpo da muller. Rematamos coa frase de Simone de Beauvoir cambiando de sexo: non nacemos homes, facémonos, e o corolario é claro: podemos cambiar, ser o que queiramos ser.

Esta análise enlaza coa segunda parte do proxecto: o recoñecemento da carga que supoñen os estereotipos masculinos que chamamos a mochila da masculinidade heterosexual. Neste apartado revisamos as implicacións negativas que sobre a nosa vida como homes ten o heteropatriarcado hexemónico. O obxectivo central consiste na toma de conciencia de que o machismo ademais de ser prexudicial para a muller resulta moi nocivo tanto para integridade física como psicolóxica dos homes. Nestes dous primeiros apartados facemos uso de vídeos e imaxes para identificar estereotipos nocivos de xénero. Esta parte práctica complétase con fichas onde se demanda do alumnado identificación de atributos físicos e psicolóxicos dos sexos ao mesmo tempo que comezamos o proceso de dúbida sobre estas mensaxes heteroimpostas.

As consecuencias da mochila masculina fanse obvias: perdemos as emocións, a felicidade de criar, a empatía dos coidados, eternamente frustrados no deporte e na sexualidade, aumento das condutas de risco (accidentes tráfico, drogas)...

Chegados a este recoñecemento iniciamos o camiño por unha nova análise crítica que debe ir parella a como construír o cambio, esa nova masculinidade. Para isto reflexionamos como o sistema quere que sexa a relación coas mulleres e entre nós e como nós realmente queremos que sexa.

Nesta sección comezamos explorando a diferenza dos nosos comportamentos entre amigos e amigas abordando a cuestión dos piropos para reflexionar sobre o dereito masculino a xulgar o corpo dunha muller. Seguidamente adentrámonos no mundo do amor e o desamor para introducir a cuestión do control como inicio do maltrato. Visionamos vídeos (“Encuentra el verdadero amor”) moi didácticos do Ministerio de Sa-

nidade, Servizos sociais e Igualdade onde se reflexiona sobre o control da vida privada da parella, tamén do móbil, entre outras cousas. Así mesmo abordamos neste apartado a sexualidade masculina e a cuestión do consentimento sexual e a insistencia abusiva.

Resulta alarmante a necesidade imperiosa de que os adolescentes homes aborden estas cuestións, pois a conclusión que se deriva é a inseguridade e infelicidade que xera a imposibilidade de cumprir cos estereotipos. E esta frustración é o fundamento da infelicidade dos adolescentes mais tamén pode ser o embrión para a xestación de futuros maltratadores e neste aspecto coñecer outras formas de ser home no mundo contribuirá a minimizar este efecto pernicioso. De forma tanxencial, xa que esta temática deixámola para bacharelato, abordamos a prostitución e a pornografía entendida como a mensaxe que se nos dá aos homes sobre o uso do corpo das mulleres, Aos homes edúcasenos na idea de que temos dereito ao uso e disfrute do corpos das mulleres, como se o tivésemos á man, mensaxe incluída no pacto entre varóns.

No último apartado achegámonos á relación entre os homes e a homofobia presente no pacto heterosexual polo que de feminino en sentido negativo ten. Primeiro preguntámonos cal é a nosa forma de relacionarnos e como só podemos tocarnos de forma violenta ou con moita forza. Non hai lugar para a emoción entre homes, non para o cariño nin os mimos. Renunciamos aos afectos ou caricias entre nós por consideralas femininas perdendo unha fonte de alegría e saúde psicolóxica. O apartado da relación entre os homes e o contacto físico podemos afirmar que é o núcleo duro, pois é a afirmación máis visible da masculinidade. Preténdese que reflexionen sobre os beneficios destas prácticas emocionais que as mulleres como amigas veñen realizando e que só achegan saúde e felicidade.

Rematamos este apartado coa reflexión sobre o dereito ás distintas opcións sexuais centrándonos no odio que desde o patriarcado se nos ensina aos homes contra a homosexualidade. Facemos exercicios para imaxinar situacións con persoas homosexuais e cal sería a nosa conduta para ver o absurdo da aprendizaxe homofóbica e ampliar o noso ser ao respecto e á diversidade. Pretendemos que comprendan que a xente namórase de persoas e non de sexos.

Só podemos concluír a exposición da nosa experiencia no IES Fontexería de Muros animando a todos os centros a poñer en marcha proxectos deste tipo pola súa imperiosa necesidade, tal como informa o alumnado ao avaliar o obradoiro. Facemos un chamamento á administración para que asuma a cuestión das novas masculinidades como un eixe esencial no plan de formación de profesorado para poñer en práctica no traballo en centros. O valor social desta formación é tan importante que non debemos deixalo ao voluntarismo do profesorado nas súas horas de lecer. Debemos esixir dunha administración educativa que asuma a vangarda da igualdade.



por unha sociedade non sexista eduquemos en igualdade



III xornadas coeducar en igualdade

Isabel G. Avión

Que satisfactorio resulta que ao final dunha sesión lectiva, dunha clase, soe o timbre e o alumnado protesta polo axiña que se lle pasou o tempo e porque lle gustaría continuar coa actividade que tiña entre mans sen a tiranía da ríxida organización escolar. Algo así aconteceu en Ourense o sábado 7 de abril, cando as Terceiras Xornadas de Coeducar en Igualdade, organizadas polo noso sindicato, chegaban á súa fin.

Foron moitos os temas que abrollaron ao longo da xornada, pois as experiencias que expuxeron as participantes achegaban múltiples aspectos da tarefa de educar en igualdade.

Encetamos as xornadas coa experiencia no CEIP Princesa de España de Verín. O nome do centro dá xogo para ser cuestionado. "Eu non quero ser princesa" é a denominación baixo a que englobaron as actividades. René Gómez López e Bernardo Gallego Otero compartiron as súas iniciativas, desenvolvidas con cadencia mensual. Puidemos ver diversos materiais, tanto elaborados polo alumnado e o profesorado no desenvolvemento do proxecto, como moitos libros, sobre todo contos, que contribúen ao labor da educación en igualdade nas primeiras etapas educativas.

Dende o IES Fontexería de Muros viñeron Sonia Fernández Casal e Xosé Cabido Pérez a expoñer proxectos que desenvolveron baixo a denominación común "Nós tamén navegar". O seu traballo xa ten un longo percorrido e concrétese en numerosas iniciativas. Para levalas a cabo aproveitan todos os recursos curriculares, tanto nas súas materias específicas, como na optativa de Igualdade de Xénero, nas titorías ou nos obradoiros específicos: "Desaprendendo o sexismo desde as aulas" e "Novas masculinidades".

Realizaron unha visita en clave feminina á cidade da Coruña, en colaboración co departamento de Educación Física. Dentro da actividade de orientación nun entorno urbano, fixeron unha descuberta da cidade da Coruña, chea de mulleres destacadas como Juana de Vega, María Pita, Emilia Pardo Bazán, Elvira Bao, Rosalía de Castro, María Casares ou María Miramontes.

Grazas a teren recibido o III Premio Plan Proxecta no curso anterior, puideron realizar unha actividade de convivencia e igualdade durante unha fin de semana en Guimarães. Alí afondaron na liña de traballo dos obradoiros de autoestima para alumnas e de novas masculinidades para alumnos.

Sonia e Pepe explicáronnos os motivos polos que optaron por dinámicas con separación do alumnado por sexos nestes obradoiros. Non obstante, a meirande parte das actividades que levan a cabo son conxuntas. Considéranos esencial para conseguir un ambiente cómodo e participativo, que facilite a comunicación, tanto entre alumnas coma entre os alumnos. Destacaron a grande aceptación que tiveron entre o alumnado os obradoiros, constatando a necesidade que teñen as mozas e os mozos de poderen falar con persoas adultas sobre cuestións tan esenciais na súa conformación como persoas.

Da experiencia de coeducación no IES Maruxa Mallo de Ordes titulada "A igualdade na aula. Fazes que fazes ou pões sementes a crecer?" faláronnos María Rosario Fernández Bello, Alfredo Iglesias Diéguez e Sabela Arias Castro. Entre as moitas iniciativas que levan a cabo destacamos o recentemente celebrado primeiro Congreso Escolar pola Igualdade. Nel foron as propias alumnas e alumnos, fundamental-

mente de 1º, 2º e 3º da ESO, as que presentaron diversos relatos: Publicidade sexista, Mitos falsos do amor romántico, Libros coeducativos e inclusivos, Construción de relacións igualitarias, Explicación da síndrome da ra fervida, A imposición dun modelo de beleza feminina, Comportamentos derivados dunha masculinidade tradicional, Catálogo de xoguetes coeducativos e inclusivos, Masculinidades igualitarias, O teito de cristal, A linguaxe non sexista... son algúns dos seus títulos, que nos permiten facernos unha idea da variedade e fondura desta experiencia.

Felisa Redondo Valín expuxo o traballo de coeducación no IES Ánxel Fole de Lugo baixo a denominación “Antídotos contra a violencia de xénero”. A súa intervención amosounos que a interesante tarefa de coeducar pódese desenvolver dentro do currículo. Felisa posúe unha enorme facilidade para incluír absolutamente todas as iniciativas que leva adiante dentro da programación didáctica da súa materia, que neste caso é a de Lingua Castelá. “Antídotos contra a violencia de xénero” é un proxecto de intervención en materia de coeducación e igualdade que se plasma en múltiples actividades que teñen un resultado material: “Aspivida”, “Mulleres nas rúas de Lugo”, o blog “El club de los poetas insomnes”, unha axenda escolar... Ao mesmo tempo, Felisa traballa co seu alumnado proxectos de investigación. Esta experiencia vén demostrar, igual que nas outras que se expuxeron nas Xornadas e que teñen o propio alumnado como suxeito activo, que as nosas alumnas e alumnos posúen unha capacidade investigadora, creadora e analítica que pouco lle ten que envexar á das persoas adultas.

Mónica Martínez Baleirón, da Asesoría de Programas Educativos da Xunta de Galicia, expuxo a súa visión sobre estas iniciativas oficiais e ofreceunos orientacións para contribuír a que a Administración se vexa obrigada a prestar mellor e maior atención á educación en igualdade.

Ao longo da xornada, no relato que foron tecendo as poñentes xurdiron múltiples temas que nos preocupan en relación á tarefa de coeducar en igualdade. Fíxose unha valoración da materia optativa como un molde rixido e insuficiente. Constatouse a demanda real por parte da sociedade, en concreto do alumnado, dunha educación afectivo-sexual dende a perspectiva de xénero. Outro

aspecto que se evidenciou foi o potencial das actividades de igualdade para asemade educar o entorno: a familia, a localidade. Sen afán victimista, púxose de manifesto a precariedade material e económica. Discutiuse e valorouse a pertinencia de realizar algunhas actividades segregadas para traballar aspectos diferenciados e crear ambientes propicios para a comunicación por parte do alumnado. Resaltouse a importancia de visibilizar o traballo realizado, a través das redes e dos medios. Falouse, así mesmo, aínda que de forma puntual, sobre a formación neste eido: a nova titulación de Formación Profesional, os másters, etc.

Abriuse unha pequena discusión sobre a pertinencia de participar nos concursos convocados pola Administración. Nela valorouse non só a recompensa económica ou o prestixio externo que estes premios supoñen, senón o recoñecemento do traballo como instrumento para contrarrestar a incompreensión que existe en ocasións dentro dos propios centros, por parte de sectores do profesorado ou das direccións. Tamén se valorou a motivación que suscita no alumnado. Pola contra, recoñeceuse o efecto adverso, a decepción que provoca entre as rapazas e os rapaces non acadar o galardón. Despois de todo, púxose de manifesto que o traballo coeducativo desenvolvido polo profesorado galego vai moito máis alá dos programas institucionais ou dos recoñecementos a través de premios e concursos.

Precisamente Branca Nazaré Guerreiro Muñoz conduciu un debate moi rico e interesante no que se discutiron algúns destes temas e onde se constatou a necesidade de dotar este labor de recoñecemento horario e medios materiais e económicos. Mágoa que a prema de tempo non permitise que, ao rematar cada exposición, se producise un pequeno coloquio e que o debate contase con máis tempo para desenvolverse.

O broche da xornada púxoo Pamela Palenciano co seu monólogo “No sólo duelen los golpes”, que nos conmoveu profundamente. Pamela, comunicadora e actriz, é autora do libro *Si es amor, no duele*, que recolle o fundamental do discurso que sustenta este espectáculo.

Non queremos rematar esta crónica sen agradecer e felicitar a Pía Outeiriño Calle e ás demais compañeiras e compañeiros do STEG de Ourense pola organización destas Terceiras Xornadas de Coeducar en Igualdade. A participación nelas sobrepasa a mera formación como docentes para converterse nunha enriquecedora experiencia e nun interesante encontro e intercambio persoal.

II xornadas sobre autismo

Pilar García

As primeiras xornadas de formación sobre TEA organizadas por STEG en colaboración coa Asociación Capaces-Lugo no pasado mes de outubro, centradas na comprensión e intervención nas habilidades sociais, tiveron continuidade o 3 de febreiro de 2018 cunhas segundas que levaron por título "Dificultades de integración sensorial na aula e estratexias para mellorar a participación do alumnado". Cunha participación que resultou tamén moi importante, celebráronse no salón de actos do Centro Social Uxío Novoneyra, que cedeu para o desenvolvemento das xornadas o concello de Lugo.

Ana Somoza Argibay e María Pilar Taboada Pernas foron as terapeutas ocupacionais que nos achegaron á importancia deste tema. Están especializadas no mesmo pola University of Southern California e contan co recoñecemento WPS (Western Psychological Services).

Ás dez da mañá, despois da entrega de material ás persoas inscritas iniciouse a xornada. Cun achegamento á figura de Jean Ayres empezou a primeira parte, definindo a integración sensorial. Tras a explicación dalgún concepto teórico básico pasouse a destacar que o proceso de integración sensorial comeza ás poucas semanas da concepción, e dura ata os doce anos aproximadamente. Por iso é importante destacar que os primeiros anos son claves. A maneira de procesar a información sensorial afecta ao noso comportamento e á nosa aprendizaxe. Para a maioría das persoas o equilibrio sensorial é facilmente acadado e a vida diaria transcorre con normalidade, pero non é así cando á nena ou ao neno lle resulta complicado manter un nivel de alerta adecuado. Sobre isto insistiron moito as persoas relatoras, porque para obter unha resposta adaptativa é necesario un nivel de alerta óptimo.

As relatoras empregaron diversas dinámicas para levar ao auditorio a poñerse na pel das persoas con dificultades de integración sensorial. Mensaxes con códigos descoñecidos, texturas extrañas que só percibes a través do tacto, tarefas onde a comunicación co teu equipo estaba rota, etc. Todas elas axudáronnos a comprender o que un alumno ou alumna pode estar vivenciando diariamente nas nosas aulas.

Tras este primeiro bloque de contidos, que remataba coas desordes de procesamento sensorial, iniciouse un segundo centrándose nos principais diagnósticos asociados ao mesmo, e sobre todo na prevalencia no trastorno de espectro autista. A maior parte dos nenos e nenas con TEA teñen características sensoriais atípicas. E isto repercute nas actividades da vida diaria como

alimentación, vestido, aseo, xogo, etc. Tamén no proceso de ensino-aprendizaxe: dificultades para estar tranquilos ou atentos en aula, pobre grafomotricidade, illamento no patio do colexio, etc. Por iso Ana e Pilar subliñaron a necesidade de ter en conta o perfil sensorial do alumnado con TEA e actuar en consecuencia, sobre todo buscando a autorregulación.

A última parte adicouse ás estratexias para favorecer a integración sensorial dos nenos e nenas con TEA: para acadar ese nivel de alerta axeitado, mellorar a motricidade fina ou favorecer o xogo durante o recreo. Quedou clara a importancia de ofrecer alternativas de comunicación e anticipación non verbais para este alumnado, que podan contribuír a organizar as sensacións. Os casos prácticos cos que se pechou o día tamén axudaron ao profesorado a contar con ferramentas que permitan o traballo no día a día con alumnado con estas dificultades.

Resultaron unhas xornadas realmente enriquecedoras para achegarnos, desde unha perspectiva aínda bastante descoñecida, aos posibles problemas de aprendizaxe e condutuais das persoas con TEA. Quedamos, en xeral, con ganas de máis formación e información de carácter práctico para dar resposta ás necesidades sensoriais do noso alumnado.



I obradoiro de coro escolar

Diego Pérez Castro

Ao longo dos meses de febreiro, marzo e abril, desenvolveuse en Vigo o I Obradoiro de Coro Escolar organizado polo STEG, coma actividade de formación. O poñente, Ramón Bermejo, conta cunha longa traxectoria ás súas costas tanto coma intérprete e director de formacións corais coma na súa faceta pedagóxica.

Nun ambiente distendido leváronse a cabo as diferentes actividades, nas cales o espazo da Aula de Orquestra do CMUS de Vigo permitía diferentes configuracións, ben fose en formación coral, en círculos, pequenos grupos, tanto de pé coma sentados, e sempre ben acompañados polo piano de cola que presidía o espazo e axudou aos asistentes para acompañar nas interpretacións.

Apoiado sempre en cancións axeitadas á idade do alumnado, e mediante exemplos prácticos, o relator desenvolveu os contidos en tres grandes bloques, coincidindo coas tres xornadas nas que tivo lugar o obradoiro:

- 7 de febreiro: Anatomía do aparello fonador. A voz na infancia e na adolescencia. Características e o seu desenvolvemento. O cambio da voz. Diferenzas entre as voces dos nenos e das nenas.
- 7 de marzo: Dinamización do coro escolar. Actividades de relaxación e de activación. Exercicios de técnica, afinación e articulación.
- 11 de abril: Dirección dun coro escolar. Posibilidades musicais e didácticas. Recursos escénicos.

A valoración que facemos dende o STEG é moi positiva, xa que o poñente abrangueu un gran número de contidos, coa variedade e adaptacións que supuxo a asistencia de profesorado de infantil, primaria e secundaria, tendo en conta as enormes diferenzas que pode haber entre as formacións corais escolares deses distintos niveis. Sen dúbida é unha actividade que levaremos a cabo en novas edicións.



obradoiro de cordas dobres na educación física

aulas libres

15

Dirixido ao profesorado en xeral de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e FP e, moi particularmente ao profesorado de Educación Física e de ciclos do ámbito deportivo, celebrárase o vindeiro **sábado 26 de maio de 2018** en Lugo, nas instalacións do **CEIP de Paradai**, en horario de 10 a 14 horas e de 16 a 20 horas, un "Obradoiro de cordas dobres na Educación Física", cun número de prazas fixado nun mínimo de 15 e un máximo de 60. As 8 horas de formación ofertadas teñen carácter presencial.

Para matricularse na actividade, ademais de cubrir o formulario no espazo correspondente do web do STEG (www.steg.gal), cómpre facer o correspondente ingreso no número de conta de Abanca: ES73 2080 5500 4030 4011 2010, consignando como concepto: "Matricula obradoiro cordas dobres". O prazo de inscrición péchase 1 semana antes do comezo da actividade. Os prezos son de 30 € para persoas non afiliadas ao STEG e 15 € para afiliadas. Resérvase un máximo do 30% do total de prazas ofertadas para persoas en situación de desemprego e as participantes serán seleccionadas por orde de chegada da solicitude.

A persoa relatora do Obradoiro será Ángel Pérez Pueyo, profesor da Universidade de León, membro da Rede Interuniversitaria de Avaliación Formativa e Compartida e coordinador do Grupo Actitudes. Coordinará a actividade Beatriz Gómez Felipe, profesora de Educación Física no CEIP de Lousada.



entrevista con pamela palenciano jódar

Lois Pérez
Pía Outeiriño

Actriz e activista nacida en Jaén en 1982, está a percorrer co seu monólogo *No sólo duelen los golpes* numerosos escenarios, incluídos os centros educativos. Convidada por STEG a falar e actuar nas III Xornadas de Coeducación, celebradas en Ourense, aproveitamos a ocasión para conversar con ela sobre moitos temas de interese.

É un pracer ter contado contigo nas nosas III Xornadas de Coeducación e é un pracer que nos dedicases o teu tempo para facermos esta entrevista. A primeira pregunta é obrigada: a semana pasada saíu a sentenza da “manada” e a resposta na rúa ten sido impresionante. Como te sentes?

Buff, cacho pregunta. Fixen un vídeo ao respecto co que teño sufrido bastantes ameazas, intentos de denuncias e agresións. Sintome con moita rabia, tal como expreso no vídeo.

Que che pareceu o debate posterior?

Cabréame moito porque se segue a falar da vítima, non se pon o foco sobre a cultura da violación que temos permanentemente neste país e en xeral no mundo: sobre a reapropiación dos corpos das mulleres, sobre como os homes aprenden a violar, por que os homes poden violar e as mulleres non podemos máis alá do biolóxico. En definitiva moi anoxada porque non hai xeito...

Cal cres que debe ser a estratexia feminista a partir de agora?

Intentar con todas as nosas diferenzas e diversidade dentro dos movementos feministas atopar unha estratexia común, para facer moita máis presión que na Folga do 8 de marzo e dicirlles que se non podemos estar protexidas polo sistema xudicial pois imos ter que defendernos, e buscar xeitos de facelo. Sabemos que nos custa articularnos en puntos comúns porque somos moi diversas dentro do feminismo (unha das cousas que máis me gustan do movemento feminista é que non somos un dogma, hai cousas que sentimos nas que non estamos de acordo). Pero neste caso, non só pola “manada” senón por todo o que ten pasado neste 2018, deberíamos atopar puntos en común e artellar algo un pouco máis grande. Creo que fan falla respostas dende a autodefensa feminista: crear comandos, soportes de barrio para loitar contra as agresións porque está claro que dende arriba non nos van apoiar nin dar o que necesitamos para poder vivir tranquilas. Vainos tocar articularnos por nós mesmas.

O feito de creares un espectáculo a partir dunha experiencia tan dramática serviuche de catarse ou polo contrario é convivir a diario con esa experiencia?

Pois as dúas cousas; dunha banda serviu como catarse para rachar con todo o dano que eu tiña por dentro de ter perdido a miña adolescencia, a catarse colectiva de darme conta de que non era un problema exclusivamente meu e despois, co que eu convivo non é coa violencia do meu ex, que xa non me remove tanto, senón que convivo coas violencias que vivimos e exercemos a diario e que ninguén recoñece: como xestionamos o mundo dende a violencia e que moi pouca xente sexa quen de recoñecer ata que punto a exercemos. Isto si que me fai moito dano e me

remove. Poñer nun espello a violencia nos institutos e noutros espazos á xente remóvelles cousas que ás veces mas tiran a min á cara. Conto con iso, aínda que ás veces quede esgotada.

A actriz e dramaturga italiana Franca Rame na súa serie de monólogos ou Eve Ensler cos seus *Monólogos da vaxina* abordaron no pasado a discriminación da muller e o machismo. Cales son as túas referencias artísticas?

Franca Rame ou Eve Ensler son persoas que admiro pola repercusión internacional pero os meus referentes son outros moitos. Primeiro no Salvador; a miña cuñada Egly Larreynaga que é directora e dramaturga que viviu en España sete anos pero que despois volveu ao Salvador. Dirixe tamén a compañía da que formo parte, aínda que sexa na distancia, “Teatro Del Azoro” e é directora de mulleres que comezaron sendo vendedoras do mercado pero que fan un teatro estupendo: “La Cachada teatro”. Para min é un referente e da que aprendín todo o teatro que sei, o que quero contar a través do teatro é a partir de Egly. Admiro moito a Malena Pichot, unha cómica arxentina e a Alicia Murillo, unha “activista” feminista sevillana. Tamén “Las XL”, a Virginia Imaz, unha pallasa vasca. Hai varias humoristas ás que admiro moito e coas que teño a sorte de compartir un grupo de whastapp de humor feminista. Si, a maioría dos meus referentes son mulleres.

Cal é a recepción entre o público en xeral do teu discurso durante os espectáculos?

En xeral a adolescencia reacciona de xeito diferente aos adultos. Os adolescentes masculinos mostran a súa incomodidade máis efusivamente e de xeito máis impertinente, porque non lles gusta que lles diga que teñen un espello da masculinidade hexemónica que é unha merda cunha identidade que se *curran* moito para construír. As rapazas soen identificarse máis, claro, porque estou a falar das violencias que identificamos as mulleres e as persoas como “o feminino”. Ao mundo adulto tamén se trasladan esas diferenzas, hai moitos homes aos que lles incomoda o discurso que teño, e moitas mulleres ou persoas socializadas no feminino que están agradecidas porque se ven identificadas e din: “Isto pásame a min, que ben que non son unha tola senón que isto veo máis xente!”. Atopo ademais moita diferenzas nas aulas. Os rapaces deixan

lugares moito menos visibles ás rapazas, aos homosexuais e ás trans, lugares menos importantes. Pero a min realmente o dano non mo fan os adolescentes, faimo a xente adulta.

Xa contaches durante as Xornadas que tiñas varios trolls atacándote. Como se vive sendo un personaxe público na loita feminista? Que custo vital e familiar che supón?

Sigo con esa ameaza constante e sinto que me vou desgastando bastante e a miña familia desgástase comigo porque me ven sufrir e anoxada, porque as expoño ao ser públicas moitas fotos nosas colgadas nas redes. Pero conto cun gran apoio, o meu compañeiro sempre me respecta, non me cuestiona o que fago. Só me di que me coide moito, “estou aquí contigo, pero cóidate no camiño, non te esquezas de ti”. O que pasou esta fin de semana é que un tipo comezou a falar sobre Iván (a miña parella) e sobre os meus fillos e pedínlle o teléfono e díxenlle que quería conversar con el porque se non eu íao denunciar publicamente e pola vía xudicial. O moi covarde, porque son uns covardes, deume o seu teléfono e falamos e rematou pedindo perdón varias veces por ter nomeado o meu home e os meus fillos, que era o que eu quería. No fondo recoñezo que son uns covardes pero dóenme algunhas cousas que din, non só por min senón polo simbólico no que se caga esta xentalla.

Tiveches dificultades tamén por parte das administracións públicas polo contido do teu espectáculo?

Moitas administracións néganse a contratar o meu traballo, sobre todo a Comunidade de Madrid, ou intentan a posibilidade de que eu rebaixe a linguaxe violenta, soez e vulgar porque está dirixida a adolescentes, máis para min esa ollada é adultocéntrica e hipócrita, porque sabemos que as crianzas están en continuo contacto coa expresión violenta, tanto de linguaxe como física. Moito máis violenta do que eu diga *merda*, *puta* ou *gilipollas* e isto paréceme unha aberración. É moi hipócrita o plantexamento de moitas institucións aínda que tamén teño o respaldo de outras, pero case sempre soen ser concellos, ONGs, ou asociacións que ás veces traspasan certos límites e lévanme “ás agochadas”. Agrádame, pero dáme ao mesmo tempo mágoa, porque vivimos nun momento moi complicado pola Lei Mordaza e hai que ter moito coidado co que se di.



Falemos do concepto: “violencia machista”? “violencia de xénero”? (moi debatido polos colectivos LGTBI porque pode resultar simplista). Hai unha terminoloxía axeitada?

O colectivo LGTBI claro que non se sente incluídes (*sic, non é unha gralla*), gústame moito o termo “violencia patriarcal” porque recolle todas as violencias, non só a de xénero ou a machista. O termo “violencia de xénero” confunde porque parece unha violencia dun xénero a outro, cando non é así. E “violencia machista” só recolle a dun home hetero cara a unha muller hetero; a lei reforza todo isto porque contempla só a violencia dentro da parella. Hai violencias patriarcais exercidas de homes hetero cara a mulleres hetero, de pais a fillas, de irmáns a irmás. “Violencia patriarcal” recolle ademais as violencias racistas, o *bullying*, a violencia entre *bullerías*, a violencia entre homosexuais, a violencia entre trans, porque ao final a raíz de todas estas desigualdades ten que ver cunha violencia patriarcal que fixo o mundo máis desigual e que ao casar co capitalismo rebentounos.

É compatible unha educación feminista cando nunha custodia compartida unha das partes inculca valores machistas? Para un neno, especialmente, son valores máis “populares” e a figura da nai pode verse anulada.

Eu si que creo que é compatible, as crianzas absorben todo e iso vai deixando pouso e semente. Aínda que semelle moi bipolar (eu non estou de acordo coa custodia compartida por ese mareo da criatura, agora estou aquí, o meu pai pensa así, a miña nai pensa por outro lado...). Pero compartir o que pensamos e sentimos sempre deixa pouso e a longo prazo sempre fai moito efecto. Hai que confiar moito nas crianzas, non hai que ser tan desconfiados co que dicimos porque creamos que non o van entender porque si que o entenden e non son parvas. De feito, cando hai valores moi tradicionais machistas nun lado equilibra que no outro lado haxa apertura, liberdade, escoita activa, un cuestionamento permanente dos valores tradicionais...

Que ferramentas debemos utilizar nas nosas clases para axudar o alumnado tanto a vítimas como a vitimarios de violencia na adolescencia, que parece que cada vez é maior?

Habería que revisarse moito a nivel persoal non só como *profes* senón tamén como persoas nas nosas vidas, porque iso transmítese despois sen querer ás e aos adolescentes coas que pasas aínda que sexa unha hora de clase. Porque os teus valores, a túa forma de estar no mundo, a túa enerxía trasládase. Ferramentas hai unha morea nas redes pero a revolución non está en aprender as ferramentas senón en que ti saibas escoitar e trasladar preguntas ao teu alumnado, incluso traballar cos vitimarios/as para min é todo un reto, que non sexan expulsados tres días de clase, que con iso non se arranxa nada, senón formular xeitos de que recoñezan os seus erros, de como aprender a resolver conflitos doutro xeito, aprender a pedir perdón. A revolución parte da *profa* ou *profe* cando se achega ao alumnado.

Para ensinalle ao alumnado, se non só doen os golpes, que máis doe?

Doe un silencio, doe unha indiferenza, doe que non te escoiten, que che digan “sí, levas razón, pero...”. Doe que traten de cargarche a responsabilidade a ti cando a outra persoa tena, e que che digan que só é pola túa culpa, “ti provocáchesme porque ti es así”, doe un sorriso irónico cando estás falando nun ton de dor... Son moitas cousas. Hoxe en día todo o mundo non pega pero si que todo mundo temos a capacidade de chantaxear e manipular ás persoas que queremos sen ser conscientes ou sendo conscientes para obter o que queremos e iso tamén doe moito.

Como cres que debemos ensinar aos e ás adolescentes que “non é non”?

Ensinarlles que “non é non” parte de ti como *profe* ou *profa*, eu digo que non na miña vida e polo tanto intento explicarlles como fago eu comigo. Buscar xeitos de aprender a pór límites, hai moitas técnicas para reeducar esa identidade violenta que nos aprenden dende pequenos. Sería facer un *reset* e *reacorparnos* doutro xeito, lanzar mensaxes dende outras oportunidades, é posible e importante para llo ensinar ao alumnado.

Cales son os privilexios aos que os homes terían que renunciar?

Eu non teño a fórmula máxica, cada home debería de repensarse cales son os seus privilexios. Non é o mesmo ser un home latino que europeo, non é o mesmo ser cis que trans, non é o mesmo ser un home hetero, cis, branco... Depende en que lugar esteas, como home terás que revisar que privilexios tes. Eu sei falar dos meus, dos que eu renunciéi como branca e que intento traballar na miña superioridade coa miña parella, que é salvadoreño. Vivín no Salvador e cando estou alí intento baixarme dos meus privilexios como branca e como nai. Ás veces intento non ocupar ese lugar de privilexio e se me sae enfádome comigo mesma, mais o certo é que estou educada no fodido privilexio. Creo que debería revisarse cadaquén pero está claro que o primeiro paso é baixar e recoñecelo. Unha vez que os recoñezas o camiño para decidir cales son os máis doados para comezar a perder é máis sinxelo. Pero o que si que teño claro é que se perde para gañar.

En que se senten presionados os homes no amor romántico?

A construción do amor romántico é bastante atafegante para ambas partes. (Falo de ambas porque falo de relacións monógamas. No poliamor inténtase de feito rachar co amor romántico). A parte masculina sente moita presión no que lle din que ten que ser como home: protector, coidador, ter que resolverlle todo á parella, salvala dos seus problemas, das súas dependencias... e eu creo que é unha merda e ademais colócanos nunha posición de que teñen que ser ciumentos, posesivos, porque se non son *calzonazos*, maricóns, é dicir, tamén hai unha presión moi grande da identidade masculina e que espero que algún día se poida transformar e poñamos modelos de amor diferentes, tamén de xeito público pola vía de crear outras narrativas.

A maioría dos homes e mulleres cando descubren o feminismo quedan na superficie. Moitos dos nosos homes (parellas, amigos, compañeiros de sindicato...) cren que son feministas e que teñen chegado á meta, cando á maioría das mulleres traballar isto cústanos a vida enteira. Cal cres que é o traballo diario que debemos facer homes e mulleres para seguir revisándonos?

Claro!, é que cando ti descubres o feminismo atopas tamén un discurso que te xustifica unha morea de merdas e a xente claro que por iso queda na superficie, como en calquera outro discurso. É normal que as persoas nos poñamos a etiqueta pero que despois haxa unhas grandes incoherencias nas nosas vidas. Eu son feminista e son moi incoherente con moitas cousas pero son unha ser humana finita e que trata de ser o máis libre posible coas miñas incoherencias e as miñas contradicións. A clave é revisarse cada día e non ter medo a recoñecer as cagadas, que é unha das cousas que á xente nos custa máis, que é recoñecer sen poñer ningún pero. Non, hai que recoñecer que ti exerciches violencia, exerciches chantaxe, exerciches o teu privilexio e punto. Iso ten que ser un exercicio de honestidade e de humildade todo o día. Hai que revisarse a diario, sen descanso. É moi esgotador, pero libera moito. Tamén hai que recoñecer que hai xente que non está preparada, que non pode recoñecer ou que non quere recoñecer os seus privilexios e haino que respectar aínda que sexa unha merda.

Vale, somos feministas, activistas, nais, compañeiras, amigas... Parece moi canso. Como debemos coidarnos? Como che gusta coidarte?

É moi canso. Non sei como debemos coidarnos, estou nesa fase, en xerundio. Non sei como coidarme, non sei como non expoñerme tanto. Non o sei. Quero aprendelo. Ademais é un dos retos que os feminismos están poñendo sobre a mesa: o auto-coidado. Coidamos moito cara fóra pero non aprendemos a coidarnos a nós mesmas. Eu teño que coidarme moito máis para aguantar esta loita porque esta loita é moi cansa e vou de incansable pola vida cando son finita e humana. E as loitas dos cambios profundos son loitas longas e custosas. Teño que coidarme moito máis e desconectar do móbil e das redes sociais (cousa que deberíamos facer todas). Debería desconectar de saír da cidade e do escenario público por uns días. Pero ata que non o sinta



como que non é unha imposición nin sequera de min mesma. Non o lograrei facer mentres siga cos “debería” enriba. Quero facelo porque levo moito tempo descoidándome e porque non quero que me pase factura este nivel de estrés. Fago algunhas terapias, vou a unha psicóloga próxima cando teño crises de ansiedade... E vou buscar máis maneiras. Deberíamos coidarnos todas porque estas loitas son complexas.

Nunha discusión de parella, cal é diferenza entre a negociación e a violencia?

As discusións de parella deberían ser negociación pura. Nas negociacións chégase a acordos e ás veces saber que hai cousas nas parellas que son irresolubles, que hai nós que xeran moito conflito e abrírnos ao conflito cústanos moito porque sae de xeito máis doado a violencia. A violencia está cando ti te sentes non escoitado, *ninguneado*, se sempre es a persoa que cede, ou sempre es a persoa que propón falar porque hai algo que provoca ruído de fondo. Iso é violento. A negociación ten que ser horizontal e como non se nos educa de xeito horizontal temos que reconstruírnos e buscar novas formas de falar e de inventar novas posibilidades, novos actos. Os maíais propoñían unha renovación de votos porque as relacións son revisables e hai que renegociar moitas cousas. Pero no amor as cousas danse por feitas e non debería ser así, iso esgota e queima ás persoas. Fai falta moita escoita, ás veces non escoitamos, só oímos e queremos que o outro cubra as nosas necesidades. Iso xera moito ruído e moito follón.

Como debería ser ese amor noutros aspectos da vida? Refírome á relación do amor co poder: como nai, como profe...

Non sei como debería ser o amor como nai, como “artista”, como parella, como filla, como irmá, como amiga... o que si que sei é que é fundamental escoitar. Aprender a escoitarme a min para aprender a escoitar aos e ás demais. E facer moitas preguntas, que ao mellor non todas teñen resposta. Pero o importante é recoñecer o lugar no que estás de privilexio en cada momento e saber, humildemente e con honestidade, dicir as cousas. É difícil chegar a ese punto de recoñecerse, o doado é a reacción violenta, responder forte, o doado é o “eu son así e punto e non me movo do meu lugar” pero é bastante san e liberador intentalo, querer rachar con este paradigma.

científicas con premio

Uxi Ínsua López

PT no CEIP Pintor Antonio Fernández, de Goián

Alá polo mes de febreiro de 2018 chegou información ao correo do cole sobre a II Edición do concurso “Mi científica favorita”, organizado pola comisión de xénero do ICMAT (Instituto de Ciencias Matemáticas). Trátase dun certame que pretende visibilizar a contribución das mulleres á ciencia e fomentar as vocacións científicas entre os nenos e nenas.

O destinatario era o alumnado de 5º e 6º de Primaria. O traballo consistía en indagar sobre a vida e obra de investigadoras e representar as súas impresións en obras gráficas orixinais. Dentro dos requisitos que se pedían estaban o compartir e explicar o proxecto no centro, propoñer o concurso na aula, desenvolver os materiais co alumnado e recibir e difundir o libro entre o alumnado.

As titoras de 5º e 6º de Primaria, Mirta I. Misa Misa (que tamén é a directora do centro) e Marina Vidal Lorenzo, non dubidaron nin un momento en apuntarse a esta aventura, que aproveitarían, ademais, para o proxecto de centro deste curso, “Descubrimos e inventamos o mundo”.

A primeira alegría déronnola cando comunicaron que o noso centro, o CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián-Tomiño, fora seleccionado entre todos os que se presentaran. Os elixidos foron só 25 en todo o Estado.

Despois desta xenial nova, o alumnado de 5º e 6º de Primaria púxose en marcha para facer o traballo. O primeiro paso foi elaborar un listado con mulleres científicas, investigadoras, matemáticas... Esta información buscárona tanto en libros da biblioteca do centro como en internet.

Como só se podían presentar un máximo de 3 traballos por curso, houbo que facer unha selección. O alumnado de 6º de Primaria decidiu traballar sobre as figuras de Rita Levi (1909-2012, científica italiana especializada en neuroloxía e Premio Nobel de Medicina en 1986), Emmy Noether (1882-1935, matemática e física xudía alemá) e África González, madrileña, catedrática da Universidade de Vigo e especialista en



inmunoloxía. Esta última visitou o propio centro e deunos unha charla con motivo do Día Internacional da Muller.

Pola súa vez, o alumnado de 5º de Primaria decantouse por Wangary Maathai (1940-2011, bióloga e ecoloxista keniana, Premio Nobel da Paz en 2004), Mary Jackson (1921-2005, a primeira muller de raza negra enxeñeira espacial) e por varias científicas galegas, en concreto tres: a astrofísica Begoña Vila, a física Inmaculada Paz Andrade e a oceanógrafa Ángeles Vilarinho.

Tras a pescuda de información, o segundo paso a dar foi decidir como ían plasmar todo o investigado sobre as autoras elixidas dun xeito gráfico e orixinal. Desta volta non valía facer unha redacción ou algo escrito, había que poñer a imaxinación e a creatividade a funcionar. E así o fixeron.

Debuxaron, confeccionaron murais e ata fixeron que ao abrirse unha caixa de folios se amosase a biografía das científicas galegas. Foron días de investigación, esforzo e moita ilusión.

O último paso era enviar todos os traballos en formato dixital, polo que houbo que tirar moitas fotos de todos eles e logo elixir as que mellor estaban e representaban aquilo que os alumnos e alumnas querían amosar. Despois disto, tocaba agardar e confiar en que elixisen algún dos traballos enviados.

Hai uns días chegou ao correo do cole unha mensaxe que nos encheu de alegría a toda a comunidade, pero especialmente ao alumnado de 5º e 6º de Primaria e ás súas titoras. Tres dos traballos enviados foran finalmente seleccionados para formar parte do libro *Mi científica favorita*. O resto levou unha mención especial, xa que non podían publicalos todos. O *subidón* foi enorme, a satisfacción tamén e todas as persoas que se implicaron na aventura teñen claro que o esforzo mereceu a pena.

a radio escolar como ferramenta educativa

Lucía Abarrategui

Comunicadora e cofundadora do Laboratorio de Radio
lu.aba@hotmail.com

Sergio Pascual

Xornalista e cofundador do Laboratorio de Radio
sergiopascual29@gmail.com

M^a del Camino Pereiro González

Mestra de Ed. Primaria no CPI Plurilingüe Virxe da Cela
pereirogonzalez@edu.xunta.es

limiar

Nestas liñas imos presentar a experiencia educativa de radio escolar levada adiante entre o CPI Plurilingüe Virxe da Cela e o **Laboratorio de Radio**.

Lucía Abarrategui e Sergio Pascual (Laboratorio de Radio), especializados no medio radiofónico, propuxéronnos realizar un obradoiro orientado ao *podcast*. Tratábase de desenvolver a competencia comunicativa do alumnado dende un punto de vista competencial cun sentido práctico e funcional. Alén disto, propiciaba entender a radio, ademais de como un medio de comunicación tradicional, cun enfoque emerxente dende o punto de vista tecnolóxico.

Vendo o impacto da actividade no alumnado e no centro decidimos darlle continuidade, xa que consideramos que a radio fomenta as habilidades comunicativas, supón unha fonte de motivación para o alumnado e permite traballar calquera temática dunha forma divertida, didáctica e cooperativa.

desenvolvemento

Deste xeito, comezou a andaina dun proxecto que xa leva desenvolvéndose cinco cursos escolares con resultados significativos. A devandita actividade ten lugar en horas lectivas, normalmente dentro das áreas lingüísticas. Na actualidade son obradoiros quincenais nos diferentes cursos de Ed. Primaria e en 1º de Educación Secundaria Obrigatoria do CPI Virxe da Cela de Monfero. Emporiso, a radio tamén está presente en actuacións específicas vencelladas a conmemoracións e actividades de centro. Ademais, erixese como unha ferramenta de utilidade para establecer sinerxias cos proxectos integrais do colexio e con temáticas de relevancia contextual e social, nas que o número de aulas participantes amplíase.

Nesta actividade radiofónica, primase a investigación, a creatividade e a redacción, seguindo o proceso común na produción de contidos radiofónicos. Este proceso vai desde a práctica de técnicas vocais, pasando pola documentación e creación do guión, ata a propia gravación do programa. Desta forma, o proceso de produción adquire valor en si mesmo sen deixar de lado os aspectos técnicos e de posprodución. Este proceso fomenta o espírito crítico, o traballo en equipo, a toma de decisións e a capacidade para cribar a información; aspectos claves para a participación activa e cidadá. Alén disto, o resultado tamén ten a súa importancia, xa que completa o proceso e o obxectivo da actividade. Por iso, en moitas ocasións, grávanse programas en directo, abertos á comunidade educativa do CPI Virxe da Cela.



Os destinatarios principais son as rapazas e rapaces como creadores da súa propia aprendizaxe. Pero isto non quita que profesorado, familias e comunidade tamén sexan protagonistas, ao participar activamente das actuacións. O profesorado, ao formar parte do desenvolvemento dunha metodoloxía innovadora que fomenta a cooperación e o desenvolvemento de aprendizaxes contextualizadas e con repercusión directa no medio. As familias e a comunidade, ao ser parte activa das propostas.

Así, falamos de producións onde a participación das familias é unha dinámica constante, por exemplo, a modo de entrevistas. Ademais, empregamos a radio na creación de tecidos interxeracionais, elaborando contidos con veciños e veciñas da zona como un xeito de conectar a escola coa comunidade.

As propostas xiran arredor de temáticas sociais e de elementos culturais de primeira orde: proxectos de centro relacionados coa identidade cultural, temáticas vencelladas coa literatura destinadas á dinamización da biblioteca, contidos sobre a igualdade de oportunidades, atención a procesos de desenvolvemento do medio rural, afondamento na divulgación científica, tratamento de temas de cooperación e de voluntariado, entre outros.

Ademais, priorízase o tratamento das diferentes fases do traballo radiofónico desde un punto de vista cooperativo, onde cada persoa participante adquire un papel significativo. Esa responsabilidade e autonomía no traballo supón a superación das dificultades desde o esforzo compartido. O traballo coa linguaxe radiofónica resulta unha oportunidade para poñer en relación ao alumnado co son: a música, os efectos, a voz e mesmo o silencio. Isto implica un reto cognitivo, creativo e imaxinativo que presenta ao alumnado outro xeito de crear e aprender, máis alá da imaxe.

A inclusión da radio na escola fai que os coñecementos curriculares adquiren sentido práctico e funcional. É dicir, permítenos traballar habilidades, actitudes e destrezas propias da vida diaria.

Centrándonos na redacción propia dos elementos curriculares, destacar que o medio radio está intimamente relacionado con todas as áreas lingüísticas e favorece o seu tratamento integral. Nesta liña, tamén ten relación con outras áreas do currículo, por exemplo: ciencias naturais e ciencias sociais, porque permite abordar os elementos do contexto e poñer os elementos naturais en valor, algo necesario e imprescindible. Por outra banda, desenvolve o razoamento lóxico propio das matemáticas: gravar un programa non é soamente coller un papel, redactado e lelo, tes que establecer unha orde de secuencias. É dicir, esixe determinar que queremos facer e como o imos facer. Cada quen ten unha responsabilidade, tanto individual coma colectiva e isto é propio da resolución de problemas.



O seu impacto dende o ámbito competencial está sobre todo relacionado coa capacidade de aprender a aprender, a autonomía e iniciativa persoal e o espírito emprendedor: “eu quero facer algo, pñoome este obxectivo e son capaz de facelo”.

Ademais, favorece a adquisición de valores sociais e cívicos e o desenvolvemento do sentido da identidade ao ser constante a colaboración entre familias, comunidade e outros sectores sociais. Adquire así, funcionalidade como ferramenta educativa: sentido práctico, valor, utilidade, interrelación das aprendizaxes, etc. Polo tanto, estamos ante un elemento de difusión cultural, xa que con ela coñecemos a realidade, os códigos propios do medio, usos lingüísticos, efectos sonoros, análise comprensiva das emisións ou mesmo, a importancia da escoita activa.

Dende a perspectiva de ferramenta educativa, o coñecemento da mesma e a lectura crítica da súa evolución, posibilita achegarnos á realidade e potenciar a capacidade de escoita e de expresión no alumnado, o desenvolvemento das diferentes intelixencias e a atención á diversidade a partir das potencialidades tanto individuais como grupais.

En definitiva, a radio, máis alá de ser unha ferramenta de utilidade para alcanzar aprendizaxes significativas, constitúese coma unha canle de difusión para as actividades que se desenvolven na escola pero tamén para poñer en relación á escola con toda a comunidade.



repercusión

A través desta actividade vemos como o CPI Virxe da Cela é capaz de adaptar a súa cultura aos intereses e necesidades dun alumnado que, cada vez máis, demanda conexión coa realidade e ser o verdadeiro protagonista da súa aprendizaxe. Desde o punto de vista social, as temáticas tratadas permítenos ser conscientes do contexto no que vivimos, da necesidade de dinamizar tanto social como culturalmente a contorna, de realizar unha posta en valor da experiencia de vida, da sabedoría e a riqueza da nosa identidade cultural empregando recursos reais.

Desde a radio, promóvese a cooperación e os procesos inclusivos de calidade que nos permiten coñecer distintas realidades. Con esta ferramenta, somos capaces de ver que calquera cousa é posible, que a radio brinda novas experiencias e que podemos facer da cousa máis pequena unha vivencia emocional. Todos estes son aspectos fundamentais xa que unha clase non é só un temario, un libro de texto ou unha lección maxistral. Unha clase é tamén aprender co corazón, co noso e co dos demais. Todos os *podcasts* desta experiencia radiofónica levada adiante no CPI Virxe da Cela pódense escoitar nesta ligazón:

<http://radioitinerantecreativa.blogspot.com.es/p/cpi-virxe-da-cela-ii.html>

breve historia dos encontros de centros para unha convivencia positiva

Sonia Fernández Casal

Os Encontros de Centros para unha Convivencia Positiva, que celebraron este mes de abril a súa sexta edición, son unhas xornadas entre diferentes centros educativos de educación Secundaria que teñen instauradas estratexias de xestión pacífica de conflitos, como servizos de mediación escolar ou alumnado axudante.

Desde o I Primeiro Encontro (Negreira, 2013) búscase a formación e a posta en común de experiencias para alumnado, profesorado e familias, sendo os seus obxectivos iniciais:

1. Crear unha rede de apoio entre centros escolares para o intercambio de experiencias, e a elaboración e o desenvolvemento de proxectos integrais de cultura de paz.

2. Procurar a formación e o intercambio de experiencias entre o alumnado e o profesorado participantes.

3. Implantar, nos centros participantes, ferramentas organizativas para a xestión pacífica de conflitos e para a construción dunha convivencia escolar positiva que ofrezca maior protagonismo ao alumnado.

4. Formar, asesorar e divulgar materiais necesarios, desde unha perspectiva de traballo entre

iguais, aos centros que desexan implantar novas estratexias de xestión dos conflitos.

Desde os III Encontros (Vilagarcía de Arousa, 2016), dedicados integramente á Coeducación como ferramenta educativa a prol dunha convivencia positiva, engádense como obxectivos:

5. Introducir a perspectiva de xénero nas estratexias de prevención e resolución de conflitos entre iguais nos centros educativos.

6. Intercambio de experiencias a prol da coeducación nos centros participantes.

7. Formación en igualdade entre homes e mulleres do alumnado mediador.

Esta rede de centros está formada, de xeito informal, por aproximadamente vinte centros de toda Galicia, aínda que o maior número de centros participantes son da provincia da Coruña e Pontevedra. Nas xornadas participan arredor de 100 persoas entre profesorado (aproximadamente 40) e alumnado (arredor de 60), tendo sido a participación das familias intermitente na breve historia dos Encontros.

Na actualidade, hai unha demanda crecente de centros que desexan participar nestas xornadas, non sendo capaces de satisfacela por dificultades organizativas e orzamentarias. Porén, a vocación destes Encontros é tanto

MUROS E



EMOCION@

consolidar os espazos de aprendizaxe e intercambio de experiencias, como espallar as estratexias que consideramos máis valiosas polo maior número posible de centros do país.

Os VI Encontros de Centros por unha Convivencia Positiva celebrados no IES Plurilingüe Fontexería o venres 20 e sábado 21 de abril, baixo o lema “Muros emocion@”, contaron con charlas e obradoiros para alumnado e profesorado, así coma un debate cunha psicóloga especializada en adolescencia, para as familias, co título “Puberdade e adolescencia: roles familiares desde a perspectiva de xénero”.

A charla inaugural, a cargo de Olga Volha Dzeviátnikava, coordinadora pedagóxica de “El jardín de junio”, titulada “Como nos cambian las palabras que elegimos: a linguaxe positiva na educación”, presentou os resultados da investigación do equipo de Luís Castellanos sobre o emprego da “linguaxe positiva”, así coma a experiencia desenvolvida nun centro educativo madrileño. Servíunos de introdución a un tema no que sen dúbida cumprirá seguir aprofundando.

A xornada do venres rematou coa presentación de cinco experiencias de centros educativos, nos que o protagonismo recaeu sobre o alumnado encargado de explicar dinámicas de mediación e igualdade nas que participan no seu centro.

A xornada do sábado, de mañán, dividiuse, como vén sendo habitual, en obradoiros para alumnado e para profesorado diferentes.

O alumnado participou no obradoiro “Cibermentorías: apoio entre iguais para a mellora da convivencia nas redes sociais en centros escolares”, impartido por Javier García Barreiro. Cómpre sinalar que a atención ás relacións nas redes sociais vén sendo unha constante nestes encontros, xa que resulta evidente como teñen modificado as dinámicas de relación entre as persoas e

como inflúen directamente na convivencia nos centros educativos.

O alumnado participou, asemade, nos obradoiros “Novas masculinidades” e “As relacións de poder nas aulas desde a perspectiva de xénero”, desenvolvidos respectivamente por Ramón Torrente, para os alumnos, e María Fidalgo e Mar Cendón, para as alumnas. Con esta dinámica buscouse exemplificar a potencialidade de reflexionar con alumnas e alumnos, separados por sexos, sobre a socialización de xénero e o sexismo xa interiorizado na adolescencia. No IES Fontexería lévase traballando catro anos con este tipo de obradoiros como complemento a outras actividades coeducativas, valorándose moi positivamente tanto por parte do alumnado coma do profesorado. As actividades destinadas á adolescencia remataron cunha “Dinámica para crear grupos de apoio entre o alumnado”, a cargo de Juan Bonome.

O profesorado, pola súa banda, participou no obradoiro “Ferramentas prácticas para o coidado da comunicación e a convivencia nas aulas”, desenvolvido por Juan Manuel Fieira e nas charlas “O uso dos tempos educativos”, a cargo de Carme Morán e “A formación da personalidade de alumnas e alumnos en internet”, de Guillermo Cánovas.

Cómpre salientar a consolidación que estes VI Encontros supuxeron dunha iniciativa sorprendente que botou a andar hai seis anos sen saber ata onde podería chegar. O feito de que cada ano un centro educativo diferente asuma organizar de xeito autónomo, en colaboración cos demais centros da “rede”, uns encontros así de ambiciosos, demostra que as compensacións son grandes: do contacto con outros centros educativos, das relacións que se van tecendo entre profesorado e alumnado de toda a xeografía galega, xurden azos para seguir a procurar que as escolas e institutos sexan tamén espazos de aprendizaxe da xestión emocional, a convivencia positiva e as gañas de vivir en igualdade.

as aulas da posguerra franquista na poesía galega

Emilio Xosé Ínsua

Ensínanos o profesor Antón Costa na súa imprescindible *Historia da educación e da cultura en Galicia* (2004) que o franquismo, facendo pé na súa posición de forza como bando vencedor dunha guerra, tivo especial empeño en intervir no sistema educativo, levando a cabo varias operacións simultáneas con resultados pouco menos que estarrecedores.

En primeiro lugar, practicou unha depuración represiva do corpo docente, que, en forma de sancións, suspensións, traslados forzosos, destitucións e ceses, afectou nada menos que a un de cada catro mestres e mestras na Galiza e que, levando a violencia institucional ao grao máximo, segou ademais a vida de setenta deles, entre os que cabe lembrar Víctor Fraiz Villanueva, Germán Adrio, Eugenio Carré Naya, Xoán García Niebla, Luís Rastrollo, Xacinto Santiago ou a mestra de Monelos Mercedes Romero Abella. O franquismo responsabilizaba o conxunto do corpo docente que exercera durante a República de xogar un papel “revolucionario”, na medida en que difundira desde as aulas pautas, ansias e ideais de emancipación individual, social e ideolóxica que chocaban frontalmente coa defensa dos “valores tradicionais” (enténdase reaccionarios).

En segundo lugar, o franquismo modificou de plano a función última do sistema educativo no seu conxunto, destinado a partir de entón e practicamente ata a reforma do ministro Villar Palasí (1970), a ofrecer en Enciclopedias e Catecismos unha formación rancia, limitada por toda caste de censuras e pedagoxicamente pésima, pero válida en definitiva como ferramenta de adoutramento militarista, españolista e confesional. Non é casual, neste sentido, que as aulas estivesen presididas a partir de entón por dúas imaxes icónicas ben significativas: o crucifixo e o retrato do *Generalísimo*. Tampouco o é que o idioma galego estivese proscrito das aulas e que houbese castigos e humillacións para o alumnado que o empregase mesmo de xeito espontáneo.

En terceiro lugar, o franquismo impuxo un modelo vertical e autoritario na educación, tanto dentro da aula sobre o alumnado, recorrendo acotío aos castigos físicos e á violencia psíquica, como nos propios centros entre o profesorado, aplicando un modelo xerarquizado de obediencia debida e facendo funcionar o servizo de Inspección educativa como unha sorte de “policía” á caza da disidencia docente, mesmo que esta fose unicamente “pedagóxica”.

E, finalmente, coa súa innata aversión a todo cambio, o franquismo supuxo un freo durante décadas ao proceso de extensión universal da educación, de maneira que vinte anos despois de comezada a guerra civil a escolarización de meniños e meniñas entre os 6 e os 11 anos de idade non pasaba do 70% do total.

Hai moitas fontes das que extraer informacións que corroboren o retrato da escola franquista que, en apertada síntese, acabamos de ofrecer, mais non debe de ser a máis empregada delas habitualmente a produción poética. Acontece, porén, que nos versos galegos dalgúns autores e autoras poden atoparse, coa forza expresiva que só á poesía lle é dado conferir, vívidos e elocuentes testemuños sobre aquel sistema educativo. As liñas que seguen son un convite a mergullarse nalgúns deses textos.

O xornalista e poeta **Manuel Álvarez Torneiro** (A Coruña, 1932) deixou no poema "Aula de posguerra" un retrato moi representativo das pésimas condicións materiais das aulas que frecuentou na súa infancia, dos castigos humillantes que se perpetraban e do marcado nesgo ideolóxico da educación que se recibía nelas:

Soaba unha pingueira nunha tina de cinc,
alí, onde contaban a Historia conveniente.
E chovía nos verbos, naquel nove entre cinco.
e a táboa do oito era outra mentira tan exacta;
e era outra mentira o mapa da parede
sen o río da aldea.

Chovía nos vacíos das fórmulas e as frases,
na mañá de zotal e tinta fría.
E alí alguén soñou barricadas de estampas,
Cárpatos de ningures,
petos cheos de amoras, un brinco endomingado,
a saúde do seixo e o pentagrama
para fuxir dun mundo de aligacións e ángulos,
da mosca verdiazul do mediodía.

Soaba unha pingueira nunha tina de cinc.
¿Onde resiste
quen foi pasquín de rebelión e escándalo?
¿En que tenda de praza-patrimonio
vende sedas, ou viño, ou minte con megáfono?
¿Onde é materia para un himno?
¿Fervor de que océano ou alcoba?

¿Onde home de proveito? ¿Que guarismo?

E un día fundaron o castigo:
requisaron a luz nos seus depósitos,
as estrelas de lata, os acopios de mica,
algo do mar en soños outorgado
e puxeron a primeira inocencia contra a parede,
contra o mapa das patrias sen patria,
sen o río da aldea.
Soaba unha pingueira nunha tina de cinc.
Comezaba o inverno
a durar media vida.

Noutro poemario do mesmo autor, titulado *Epicentro*, hai un apartado denominado "As raíces insomnes" que contén o poema "Tempo de miseria". O retrato que nel se ofrece dese período histórico alude mediante lúcidas imaxes a algunhas das pautas empregadas na escola franquista, como o adoutrinamento político e relixioso, a rixidez metodolóxica no ensino das materias e a total ausencia de contidos relacionados coa realidade máis próxima do alumnado, como a xeográfica:

A mentira no caderno azul
vencido.
Catro e máis catro oito, a duras penas
A usurpación dun río.
Con flores a María
por aquel maio sempre desamándonos [...]

Tamén **Xosé Vázquez Pintor** (Melide, 1946) incluíu no seu libro *Banzados* (2001) un poema no que se establece un oportuno contraste entre a intensa experiencia vital directa de coñecemento do mar nunha visita na compañía do pai desde a aldea á cidade da Coruña e as aprendizaxes memorísticas, repetitivas, frías e descontextualizadas que lle ofrecía o mestre franquista na escola, premiadas algunhas veces con algún que outro complemento alimenticio ou vitamínico que contribuía a paliar a penuria xeral dos fogares. Tamén se alude nos versos ao silenciamento, por mor do medo, das curiosidades intelectuais que o alumnado podía sentir, dado o clima de autoritarismo e distanciamento implantado na relación entre mestres/as e discen-tes:

Lembro a primeira vez que ollei o mar sen as follas
de tantas páxinas que había que saber sempre
nas mañás de outono cando chove ou venta en serio
e un don el mandábanos saír de viaxe triste
para navegar os centímetros de palabras
no mapamundi, a bordo da variña de bido:
escarregat categat e sun gran bel pequeno
bel e ao norde oghost e mar de kara, de barents...
E o Mar do Orzán pelexaba en xogo cos tranvías
de Rubine: chaf, rompendo as bocas dos rapaces
da aldea para os retratos da época sen guerra
que era toda azul e arrecendente a latas, bombos
de sardiñas, leite de muiño, queixo de goma,
que nos daban abasto despois que o douro nace
nos picos de urbiñón na provincia de soria e pasa...
ata chegar ao atlántico... ¿e non rebenta o mar
con tanta auga? –pensabamos todos en silencio[...]



O recurso aos castigos físicos sobre o alumnado foi frecuentísimo, dando por bo o vetusto principio anti-pedagóxico de “la letra con sangre entra”. Aínda máis ferinte e traumático resultaba, porén, ese distanciamento corporativo, moitas veces socialmente elitista, e esa frialdade no trato humano que moitos docentes practicaron. Manuel María, neste sentido, en “Poema en carne viva” de *Morrendo a cada intre*, deixounos versos elocuentes como estes:

[...] Odio fondamente ós catedráticos
enlevitados e serios que teñen
un recendo de arqueoloxía artificial e rutinaria [...]

Ese nesgo intelectualmente castrador que tiña o ensino na escola de Franco, alérxico a todo espírito crítico, a toda análise desmitificadora e a toda incursión polas marxes heterodoxas do pensamento, foi reflectido con rotunda potencia polo poeta **Fiz Vergara Vila-riño** (Lóuzara-Samos, 1953-1997) nos primeiros versos do seu emblemático poema “Hai que vivir”

Eu nacín	sintíndoo,
un día calqueira.	sufríndoo,
Un domingo bautizáronme:	levándoo infundido
católico,	nos meus ósos moles de neno,
apostólico,	roendo un xugo de miserias
romano.	hora tras hora,
Logo botei a camiñar.	día tras día.
Fun á escola.	Os mestres
Os mestres	non me ensinaron
ensináronme certas cousas:	que por riba de nós todos
compre ser	hai outros
obedente,	que nos van zoupando
conformista,	cal se fósemos
dobregado	bestos de carga.
e	Os mestres
máis...	non me ensiñaron nada.
Os mestres	Tiven que ser eu
non me ensinaron	quen se entrollase
o significado da verba probeza,	contra a realidade
tiven que aprendelo eu	tristeira e abraiante [...].

Especial responsabilidade nese nesgo opresivo e intolerante da escola franquista tiña a abafante presenza da dogmática católica, espallada en todo tipo de ritos durante o calendario escolar e presente en todos os contidos e actividades, como testemuña **Fermín Bouza Álvarez** (Compostela, 1940-Madrid, 2016) nun dos poemas do seu libro *Labirinto de inverno* (1990):

unha aula de inverno nas idades perdidas
 nos tempos que deixaron o caer dunha gota
 nas revoltas da alma unha tarde de lobos
 na cidade de pedra e o silencio esvarando
 nas preguntas do frío nos seus ocos
 con lamas que son xeos na cidade que dorme
 cunha sotana que lle cobre a alma
 o corazón batido nos estrondos
 memoria dos invernos polas rúas vacías
 unha témera historia de cardenais e estatuas
 imperdoable olor a pés de santo
 ollos coma silencios podrecidos na chuvia
 a turba lingua dunha cobra bébeda
 empapuzada de veneno e mofo
 inesquecibles flores húmidas
 na Ferradura que rexorde dos invernos de auga.

Por outra banda, a escola de Franco enxalzaba unha determinada visión providencialista e imperial da historia de España, ocultando adrede, terxiversando sen pudor ou facendo escarño descualificador sen posíbel dereito a réplica de varias correntes políticas, feitos históricos, entidades e reivindicacións que non encaixaban no seu molde político-ideolóxico predefinido. Por iso **Salvador García-Bodaño** (Teis, 1935), no poema “Identidade”, chamando á necesaria recuperación comunal do país, convidaríanos deste xeito:

(...) Perguntade nas escolas todas
 por esquencidos silabarios (...)

A represión lingüística e o espallamento de pautas diglósicas e de prexuízos contra o galego foi unha constante da escola franquista. Poetizou **Antón Tovar** (Rairiz da Veiga, 1921-Ourense, 2004) en “Lingua que rexeitaron meus pais”, do seu libro *Calados esconxuros*, por exemplo:

(...) Borraran os letreiros dos camiños
 cos ben amados nomes das antergas vilas,
 dos silabarios das escolas algareiras
 borraron o cantar humilde e puro
 da lingua popular (...).

E **Manuel Rivas** (A Coruña, 1957), no poema “Fonema”, denunciou con tenra ironía o intento dalgúns mestres de erradicar no seu alumnado xa non só a lingua de noso senón tamén a fonética propia dalgunhas falas galegas, nun contexto de “alleidade” xeral dos contidos que tiñan cabida nas aulas:

Do máis aló da gorxa,
 dun profundo e misterioso fol,
 saíannos sons que debiamos matar.

Repitan, dicía o mestre:

Los pájaros de Guadalajara tienen la garganta llena
 de trigo.

Pero Lolo o do Rito dicía que

Los pajaros de Juadalagara tienen la jarjanta llena
 de trijo

e o mestre dáballo un pao.

A min custoume algún traballo dicir sen respirar
 que había plantas monocotiledóneas
 pero non din sabido de que familia era,
 se é que a tiña,
 o toxo que douraba os montes de Galicia.

Os enfoques patriarcais e machistas, por último, tamén presidiron a escola franquista. A socióloga e traballadora social **Luz Campello** (Labrada, Guítiriz, 1966) dános testemuño disto no libro *Inventario do prohibido* (2015), cando escribe:



Repasas de memoria o inventario do prohibido
como quen repasa unha caligrafía
nun caderno Rubio da infancia
un punteado de letras, un sensaír das liñas
no pulso do grafito
amestrar a man, dobrregar os dedos, amansar o lapis
nas xemas diminutas
todo ben preciso pola ringleira definida
someter o conxunto ao milímetro
como quen somete a carne para que non reborde
máis do permitido
que non deturpe a indecencia a túa valía
que nos se mollen os beizos, nin se afrouxe o embigo
ao abeiro da túa saía
que non che medre a barriga por unha falta
que a letra con sangue entra
que non se desdobre o pano inmaculado
fóra da cuadrícula
que ninguén saiba que decorres cos teus dedos
territorios
que che son negados
que non se pronuncien os peitos, nin abale o desexo

que o triángulo sexa sempre equilátero
que non se revele a cintura, nin agrome un lexema
de cadeira
que non se abran as pernas, nin a cona
que o sangrado do teu menstuo non se vexa
que a túa vaxina non se converta nun visado schenghen
no teu pasaporte a país ningún
que non se levante un murmurio, nin unha braga no tendal
nada... (...)

O cúmulo de características que vimos resumindo
fixeron da escola franquista, en definitiva, un lugar
nada acolledor, triste e pouco propicio para experi-
mentar a ledicia de aprender. Por iso **Celso Emilio
Ferreiro** (1912-1979), no poema “El hermoso rostro del
país”, inserido en *Viaxe ao país dos ananos*, sinalaría:

A miña terra é soave, solermiña,
pro, nos ollos dos meniños
que van á escola nas mañás frías,
hai unha tristura antiga.

No mesmo sentido, **Xulio L. Valcárcel**
(Romeán, 1953), en *Solaina de ausencia*
(1987), evocaría:

Ameite
en húmidas escolas
de postguerra,
tristes como os teus ollos.

Dirixíndose a un público lector infan-
til, o xa citado Manuel María acertaría a
resumir no poema “Escola” de *As rúas
do vento ceibe* moitos dos “males” dese
sistema educativo consagrado durante
a ditadura:

A miña escola é moi grande,
destaca entre os edificios.
Según di o director
ten moitos e bos servicios.


É de construción recente
e semella unha colmea.
Vista por fóra parece
máis que escola, unha cadea.

Manuel María

aulas libres
32

As Ruas do Vento Ceil

— VERSOS PRA MENOS —



2.ª Edición

Pilar Pallarés

Entre lusco e fusco

Edicións do Castro
poesía

Está feita de cemento,
non ten pedra ou cantería.
¡Máis que construción galega
semella de Andalucía!

Ten moitas mestras e mestres
i un alumnado escesivo.
O ensino non é bon
¡Penso máis ben que é cativo!

A maior parte dos mestres
moi tristeiro papel fan:
¡nada ensinan de Galicia
e falan en castelán!

Non me gusta a miña escola,
nela todo me é estrano.
¡Eu son un neno galego
e non un americano...!

Así as cousas, a procura de fontes alternativas de saber e información e o autodidactismo, por máis que resultasen difíciles no contexto epocal, abesulláronse en non poucos casos como remedio eficaz. Así o pon de manifesto **Bernardino Graña** (Cangas do Morrazo, 1932) en *Poema do home que quixo vivir* (1958) cando sinala:

(...) Estou a estudiare, amigos,
A forma de sere un home.
Estou a estudiare sempre
libros, xentes, bosques, montes.
Eu son un burro completo.
Confeso que non sei nada.
Estou pasmado ante todo.
Síntome estraño e moi lonxe (...).

Esas “aprendizaxes alternativas” no ámbito da escola, dos institutos ou da Universidade incluían unha variábel combinación de espertares sentimentais e contacto con ideoloxías clandestinas, prohibidas e reprimidas, en todo caso sinónimas da liberdade e da xustiza que se botaba en falta. O testemuño poético de **Pilar Pallarés** (Culleredo, 1957), co que imos pór remate a estas liñas, déixanolo ben claro. No seu libro *Entre lusco e fusco* (1980) escribiu efectivamente, nesta perspectiva:

De repente
fáiseme extrañísimo o teu nome,
o teu nome escrito nun pupitre,
esas sílabas mortas
cravadas á madeira
entra raías, pombas, unha mosca,
unha estrela, un rostro, o martelo e a fouce.

trala pista apaixonante de margot sponer

EXIL

O profesor e catedrático de francés na USC Antón Figueroa, autor de ensaios de teoría literaria e sobre relacións interculturais tan relevantes como *Diglosia e texto*; *Lecturas alleas*; *Nación, Literatura, Identidade e Ideoloxía e Autonomía no campo literario*, ofrécenos da man de Edicións Laiovento, baixo o título de *Margot Sponer. Do galego antigo ás fronteiras da resistencia*, un libro moi singular e meritorio que resgata do esquecemento a figura desta profesora berlinesa moi vinculada nun momento dado da súa traxectoria vital e intelectual á nosa Terra.

Activa investigadora e docente no período 1927-1933 do "Romanisches Seminar" de Berlín e autora dunha tese pioneira sobre a lingua galega elaborada a partir de 1926 e presentada na Friedrich-Wilhelms-Universität en 1935 baixo o título de *Altgalizische Urkunden (Documentos antigos de Galicia)* na versión parcial que dela publicou en 1934 o Anuari de L'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura de Barcelona), Margot Sponer, que naceu en 1898, significouse na resistencia contra o nazismo na Universidade alemá a partir de 1933.

Comezada a guerra civil en España, Margot non desimulou a súa antipatía cara aos docentes e lectores hispanos enviados por Falange ás aulas berlinesas (Teodosio Noeli, Celia Giménez...), ocupados, entre outros prácidos mesteres, en traducir para alemán os discursos de José Antonio Primo de Rivera e en recadar información policial sobre os republicanos españois exiliados. Vixiada pola Gestapo desde moi cedo, Margot axudaría outras persoas perseguidas polos nazis, algunhas delas xudías, e enviaría cartos e alimentos a varios presos en campos de concentración, como o francés Bernard Morey. En outubro de 1942, acabou sendo expulsada definitivamente da docencia e morreu a mans de tres integrantes das SS o 27 de abril de 1945, poucos días antes da definitiva rendición de Alemaña na 2ª Guerra Mundial.

Sobre ela existían traballos biográficos previos debidos á súa propia irmá, Hertha Sponer, e á especialista en historia da ciencia Annette Vogt, mais o ensaio de Antón Figueroa acrescenta moita información sobre o relacionamento de Margot con varios núcleos intelectuais de relevancia na Península ibérica nos anos 20 e 30: o Centro de Estudios Históricos de Madrid, dirixido por Ramón Menéndez Pidal; o grupo da revista salmantina *El Estudiante* (1925); e,



sobre todo, os intelectuais que animaban o Seminario de Estudos Galegos, encabezados por Vicente Risco. Froito deste último relacionamento é a colaboración de Margot co boletín *Nós* no seu número 37 (1927), co traballo "Algunhas notas dos meus estudos de filoloxía galega".

En realidade, Margot estivo en Galiza unha soa vez, durante o verán de 1926. Traballou nos arquivos de varias cidades (A Coruña, Ourense, Santiago, Pontevedra e Lugo), contactou con eruditos como Pérez Constanti ou Casto Sampedro e fixo recollida de materiais dialectolóxicos en terras do Cebreiro (materiais que, infelizmente, acabarian perdéndose despois da súa tráxica morte).

Con posterioridade á súa estada en terras galegas, as súas relacións en Berlín co xornalista Felipe Fernández Armesto (daquela situado ideoloxicamente na órbita progresista), co galeguista Lois Tobío e co Vicente Risco que escribía na capital alemá as páxinas do seu controvertido *Mitteleuropa* permitiríanlle a Margot non perder contacto co devir galego nese intenso período.

O libro de Antón Figueroa adquire, sen lugar a dúbidas, a traza dunha merecedísima e oportuna homenaxe póstuma á filóloga alemá que tanto amou o noso idioma e que viviu libre e insubmisamente fronte ao horror nazi ata o final.

para ver, para ouvir, para ler

novas entregas da “biblioteca de pedagogía” da editora kalandraka

EXIL

En competentísimas traducións para o galego desde o francés, debidas a Henrique Harguindey, e con esclarecedoras e oportunas notas del propio e do director da colección, Antón Costa Rico, veñen de aparecer dous novos volumes da “Biblioteca de Pedagogía” impulsada pola editora pontevedresa Kalandraka: a *Carta a un profesor mozo*, de Philippe Meirieu, e *A psicología infantil e a nova educación*, de Jean Piaget.

Recomendaremos nestas liñas, con permiso de Piaget e sen menosprezo en absoluto do clásico da súa autoría, a lectura do primeiro dos títulos aludidos, obra do pedagogo francés Philippe Meirieu (n. 1949), especialista en historia da educación, director da revista *Cahiers Pédagogiques*, responsábel entre 2001 e 2006 do Instituto Universitario de Formación de Mestres da Universidade de Lyon e divulgador de múltiples problemáticas atinxentes ao ensino no seu blog www.meirieu.com.

A obra en cuestión, editada por vez primeira en 2005, encerra unha tripla reflexión moi útil e lúcida sobre a docencia, sobre a escola como institución e sobre os centros de ensino como espazos para a aprendizaxe e o exercicio da cidadanía democrática. Toda ela pode definirse como un chamamento ao novo profesorado a afrontar a profesión docente como un exercicio responsábel, creativo e feliz e a non resignarse nunca ao fracaso do alumno/a.

O traballo está dividido en sete capítulos e unhas conclusións finais, que se resumen na idea de que as persoas dedicadas á docencia debemos ser “utópicas por vocación”. Son infinitas as cuestións relacionadas co día a día do profesorado que desfilan polas páxinas deste ensaio en forma epistolar, que parte da base de que na



nosa profesión nada é nunca “inocente” e de que debemos exercela permanentemente desde a “ledicia profundamente transformadora”, acompañando o alumnado no pracer de aprender.

Meirieu é plenamente consciente das frustracións e problemas que rodean no mundo actual a praxe educativa (a deriva tecnocrática na xestión dos centros, a imaxe desvirtuada do labor docente, a dificultade de conectar cun alumnado diverso e distinto, a obsesión polas cualificacións e polas competencias, a ilóxica estratificación entre mestres de primaria e de secundaria, as constantes mudanzas lexislativas e normativas...) mais ofrece fórmulas e receitas prácticas para librarse da rutina e do amargueiro e para traxer rumos emancipadores na aula, por igual equidistantes da falsa facilidade e do resignado fatalismo.

a violencia de xénero dende a profesión médica

Isabel G. Avión

Un libro que trata un problema social como a violencia de xénero dende a perspectiva médica parece que non tería grande interese dentro dunha publicación dun sindicato de docentes, mais non é así. Sabemos que os problemas sociais son realidades complexas que afectan a diversos ámbitos de actuación. Ademais hai unha evidente coincidencia entre a atención primaria e a educación obrigatoria: ambas atinxen toda a poboación. Son, xa que logo, rompe-ondas sociais, que se vén implicadas e interpeladas por todos os problemas da sociedade.

O autor de *Violencia de género. Aspectos éticos en la atención primaria* (Andavira Editora, 2017), Rosendo Bugarín González (Tui, 1961), é un profesional da medicina cunha longuísima experiencia en urxencias e en atención primaria. Esta especialidade (Medicina de familia e comunitaria), vista como unha non-especialidade, é comunmente menos valorada que calquera outra, cando se trata do piar dunha boa atención sanitaria, dun sistema de saúde que funcione. Pola súa personalidade e polas horas de voo ao longo de tantos anos exercendo a profesión en primeira liña de combate, Rosendo Bugarín desborda humanismo, sensibilidade e un profundo coñecemento do tema que trata. Forma parte do Consello de Bioética amais do Comité de Ética da Investigación Clínica de Galicia. Á súa sólida formación médica, súmase a preocupación polos aspectos xurídicos e éticos.

O autor reflexiona sobre diversos aspectos de grande calado. Resalta a importancia da denominación, o nome que utilizamos para falar desta realidade. Amosa unha grande preocupación pola linguaxe, denunciando a invisibilización do feminino como un xeito de violencia. Tamén subliña a necesidade dunha preparación formal, académica en relación coa comunicación para os profesionais da medicina. Rosendo Bugarín afirma que non son adestrados no dominio da linguaxe verbal e paraverbal, nos distintos tipos de entrevistas

Violencia de género Aspectos éticos EN LA atención primaria

aulas libres 35

Rosendo Bugarín González

ou nas formas de negociación. A preparación tecnolóxica non substitúe con éxito os procesos terapéuticos que precisan da comunicación entre paciente e a súa médica ou médico.

Analiza logo en profundidade o conflito ético que se presenta cando unha muller maltratada non quere que se emita un parte de lesión. Dende a súa experiencia, reflexiona sobre a complexidade e diversidade de situacións que se afrontan nun centro de atención primaria e como estas requiren unha análise e unhas pautas de actuación tamén complexas que sobrepasan a simplicidade dos protocolos xurídico-policiais. Explica pormenorizadamente o conflito entre a non maleficencia (ou beneficencia) e o respecto á autonomía da muller. Trata temas como a atención sanitaria ao propio maltratador. En moitos casos reais, é o mesmo profesional o encargado de levar ás dúas persoas: vítima e agresor. Outros interesantes temas son nesgos de xénero nas investigacións biomédicas ou a violencia simbólica no ámbito sanitario.

O libro, dirixido en primeiro termo aos profesionais da sanidade, ten unha expresión clara e divulgativa, de xeito que non só é unha lectura recomendábel para o público en xeral, senón que ten para nós, como docentes, un enorme interese. A violencia de xénero é unha cuestión multidimensional. Vela dende outra perspectiva profesional, cos seus retos, os seus dilemas e a súa bagaxe reflexiva, a través da ollada dunha persoa, grande profesional, culta, humanista e sensible como é a de Rosendo Bugarín, resulta sumamente enriquecedor.

invisibles, relatos do maltrato, outro libro valente de montse fajardo

Isabel G. Avión

Non nos gusta falar do maltrato. En primeiro lugar, porque é un tema moi doloroso que nos atinxe; en segundo, porque dende algúns estamentos políticos estase a facer unha utilización do mesmo e, nomeadamente, da celebración do 25 de novembro para minorizar as mulleres en xeral e, especialmente, as vítimas desta lacra machista. Xa antes da detestábel campaña que realizou a Xunta de Galicia no 2017, provocábanos arrepío a utilización noxenta por parte de algunhas autoridades do “minuto de silencio” polas vítimas, unha cerimonia hipócrita. Estes compunxidos políticos son os mesmos que consenten e manteñen uns medios de comunicación misóxinos que resultan unha poderosísima maquinaria de naturalización dos estereotipos que sosteñen a violencia de xénero.

Doloroso é o libro de Montse Fajardo. *Invisibles. Relatos do maltrato* é un libro duro. Un material tan sensible como o que nos ofrece precisaba dun talento como o que ten demostrado a autora pola súa capacidade de empatía coas persoas coas que traballa para escribir os seus libros, informantes e protagonistas de historias durísimas. O compromiso e a sensibilidade son calidades que definen esta escritora vilagarcía.

Xa tivemos ocasión de falar sobre Montse en “Aulas Libres” para comentar o seu libro *Matriarcas. Mulleres en pé de vida* (2012). Nel destacabamos xa a dureza e a emoción que transmitía o libro, que nos ofrecía unha lección de empatía coas historias de dez “matriarcas”.

No seu segundo libro, *Un cesto de mazás* (2015), quixo proxectar luz sobre a verdade silenciada da represión fascista que se desatou no 36. Revelar, lembrar, dar a coñecer constitúe unha homenaxe ás vítimas, que non foron só as que perderon a vida, senón todas aquelas que viviron o desgarró, o trauma de perder un ser querido e soportaron o estigma social, padecendo penurias e humillacións por riba de tanta dor.

Montse Fajardo é unha escritora valente, necesaria. Sábese incómoda. É consciente de que o que entrega ao público non é mercadoría comercial, porén é altamente valiosa. Así



que ela mesma ten editado os seus tres libros. En *Invisibles*, publicado coa colaboración do Concello de Pontevedra, volve a demostrar o seu talento como escritora para recoller a oralidade con fidelidade e con toda a forza da voz das protagonistas. As historias son reais, aínda que nalgúns casos se modificaron nomes, para preservar a seguridade das fontes. Eva, Mariluz, Tina, Ana, Irene, Marga, Begoña. Historias de mulleres decoradoras, comerciantes, avogadas, emigrantes, inmigrantes... Maiormente mulleres fortes.

A inexistencia do “perfil”, o illamento, o menoscabo da autoestima, a chantaxe, a montaña rusa do maltrato e a reconciliación, o terror, a decisión de denunciar, o calvario posterior, o acoso, a omisión de socorro, a culpabilización da vítima, o maltrato ás persoas do entorno nomeadamente as fillas e fillos, a estigmatización, o barato que lle sae ao criminal... O libro tece, a través das historias, un discurso sobre o maltrato onde se tocan todos estes temas e aínda máis.

A necesidade de que o problema da violencia de xénero non fiquen silenciado, reducido a cerimonias baleiras, é o que move a escritora e está recollida nas palabras de María Reimóndez que introducen o libro: “Falar do horror é poñer as bases para que non se repita. Por iso é tan importante que as mulleres escribamos, falemos e desafiemos o discurso establecido”.

tam: manga orixinal en galego

Isabel G. Avión

É ben claro que a calidade dos autores e autoras de banda deseñada de Galiza ten un nivel, por veces, *estratosférico*, mais a falta de normalidade lingüística e cultural lévaos con moitísima frecuencia a ter que desenvolver a súa carreira fóra.

Son escasos e dignos de gabar os exemplos de traxectorias centradas no país, que non só constrúen unha carreira profesional, senón que emprenden proxectos colectivos que xeran novos talentos. É de xustiza citar o inmenso labor de Fausto Isorna, que dirixiu a revista *O Golfinho*; de Gemma Sésar, que dirixe *El patito editorial*; de Manel Cráneo, director de *Demo*, e, por suposto, de Kiko da Silva. Precisamente da escola que Kiko comanda, baixo a denominación de *O Garaxe Hermético*, en Pontevedra, saíu a autora de *Tam*, o primeiro álbum manga en galego.

É evidente que a tribo de seareiras do manga é enorme en todo o mundo e, dende logo, non é desprezable en Galiza, mais non tivo moito cultivo autóctono. Se *Anémona de Río* ten máis de 16.000 seguidoras/es en instagram, por algo será. Así que esta autora tan nova de banda deseñada xa sabía ben o que era o éxito antes de que a editorial DB banda publicase o seu primeiro álbum. Neste traballo *Anémona de Río*, heterónimo de Aldara Álvarez García, preséntanos unha personaxe que transita entre a súa autenticidade e as inseguridades que a enorme presión social provoca nas mulleres en relación ao seu aspecto físico. *Tam* atopa no ton humorístico o aliado perfecto que se precisa para denunciar a misoxinia da sociedade *primeiromundista*. A tiranía da fasquía externa constitúe unha auténtica fábrica de sufrimentos absurdos e de consumismo feroz moi ben reflectida nesta historia.

A protagonista é unha moza chamada Tam, da que se ten sinalado parecido, cando menos físico, coa propia autora. Tam tense que enfrontar ao reto de presentarse atractiva e *glamourosa* a unha cea que servirá de encontro para



antigos compañeiros e compañeiras de instituto. A loita contra o seu propio corpo e contra a aplastante maquinaria do mundo da moda resólvese, finalmente, co triunfo da naturalidade e a espontaneidade. Case por pura imposibilidade de superar todas as inalcanzábeis metas físicas que se autoimpón (que se lle poñen a) Tam, o desenlace feliz amosa o *sensentido* dos esforzos e sufrimentos por dirixirse cara unha meta totalmente equivocada.

Esta historia, case inxel, pero profunda e reivindicativa, era tan necesaria que, no momento de editarse o libro, xa o público estaba pedindo máis historias sobre Tam, máis libros saídos da mente e das mans de *Anémona de Río*. O día 13 de febreiro de 2018, na pontevedresa Librería Paz, celebrábase a primeira presentación. Nese intre xa se podía albiscar que algo importante estaba a acontecer. Manga de autoría feminina con contido feminista en galego: unha excelente combinación.

Tam é unha obra manga polo estilo dos seus debuxos, aínda que o libro se organice seguindo as convencións da banda deseñada occidental, comezando a lectura de esquerda a dereita e avanzando as páxinas de dereita á esquerda, ao contrario que o manga xaponés.

Alén do debuxo, igual que no manga xaponés, o traballo de *Anémona de Río* presenta unha temática dirixida a un segmento concreto do público: as lectoras mozas. Mais a nosa sociedade non está tan sumamente segmentada como a nipona, a pesar



de que o capitalismo parece querer incidir cada vez máis nun modelo de consumismo moi diferenciado por sexos e por idades, pois non hai máis que ver os andeis, xa non das xoquetarías ou das tendas de cosmética, senón, o que é máis preocupante, das librarías. O feito de que *Tam* estea dirixido a un público de lectoras novas non quere dicir que non sexa unha obra moi adecuada para os lectores e para un público tanto mozo como adulto. Por este motivo, non só debería estar nos andeis de todas as bibliotecas escolares dos centros de primaria e secundaria, senón tamén nos das bibliotecas municipais e de todas as persoas amantes da banda deseñada en Galiza.

Esperamos que isto sexa a historia dun bo comezo, porque segundo os profesores de Aldara (*Anémona de Río*), Kiko da Silva e Fernando Iglesias, esta moza ten talento e capacidade de traballo, binomio imprescindible para facer camiño nos complicados territorios da banda deseñada. Aínda que a formación académica formal de Aldara Álvarez García non está dentro das artes plásticas, o seu paso pola escola de banda deseñada *O Garaxe Hermético* non lle deixa só o Premio Fin de Curso da escola que dirixe Kiko da Silva, coa conseguinte publicación do álbum, senón que leva consigo unha formación da que cabe agardar grandes cousas.

déixaas, de mercedes peón

Isabel G. Avión

Déixaas é novo traballo de Mercedes Peón que vén afondar no seu singular universo, onde combina a pegada da música ancestral coa vangarda creativa. Nel podemos atopar temáticas que son unha constante nos traballos da artista: identidade, transmisión cultural, xénero e outros aspectos sociopolíticos.

É un tópico falar da voz que desata a enerxía telúrica, da potencia e da enxebreza das súas cordas vocais, pero estamos ante moito máis que unha voz. Mercedes Peón presenta un abano de facetas difícil de igualar: cantante, gaiteira, bailadora, percusionista, produtora e compositora. Nesta faceta non debemos deixar de anotar tamén a creación de bandas sonoras para diversos espectáculos e para películas documentais.

A súa versatilidade é difícil de igualar. Aínda que en todo o que fai hai sempre unha marca propia que lle dá unidade ao seu traballo.

Sen concesións ao *marketing*, sen se converter nun *produto*, Mercedes Peón foi pouco a pouco acadando unha proxección internacional, case inusitada na nosa música. Así, a xeografía europea non ten segredos para ela, xa que subiu aos escenarios en máis de quince países, participando nos máis destacados festivais. Actuou tamén en Canadá, EE.UU. e Israel.

Foron numerosos os recoñecementos recibidos, tanto nacionais, como son o "Premio Especial do Xurado" do festival "Cidade Vella" de Santiago de Compostela (1990), o "Premio á Autenticidade" (2000), "Artista do Ano", "Galega do Ano" (2005), "Premio Nacional á Cultura" da Xunta de Galicia na categoría de Música (2008); como internacionais, entre os que sinalaremos o "Folkword" (2000), a nominación como finalista a "Mellor artista do ano", o "BBC Radio 3" (2000), o "Top of The World", o "Songlines" para o disco *Isué* (2000), a concesión ao álbum *Sós* do premio como quinto "Mellor disco no mundo" polo prestixioso "World Music Charts Europe" (2011), etc. Tamén é ben longa a nómina de artistas cos que colaborou.

Comezou no mundo da música tradicional con "Xacarandaina", importantísima agrupación coruñesa, na que o seu irmán, Quique Peón, tiña un papel destacado. A poderosa voz de Mercedes acompañou unha formación tan importante coma efémera, "Matto Congrio" (Anxo Pintos, Carlos Núñez). Fíxose tan famosa coma querida entre o público en xeral presentando un breve espazo de



recuperación etnográfica no programa televisivo “Luar”. Desta época é a súa colaboración cos “Diplomáticos de Monte Alto”. A que realizou co gaiteiro Budiño, nomeadamente en *Paralaia* (1997), anunciaba xa todo o que Mercedes Peón podía achegar.

Despois de traballar co grupo “Ajrú”, no ano 2000 saíu por fin ao mercado o primeiro traballo en solitario: *Isué*. Preparado a conciencia, nel albiscouse o potencial creativo de Peón. Nos seus álbums posteriores *Ajrú* (2004) e *Sihá* (2007) foinos achegando unha lograda mestura dos sons e ritmos ancestrais cos electroacústicos. No escenario, na *performance*, a artista foi atopando o seu medio máis fecundo. No 2011 sae o seu cuarto traballo discográfico *SÓS*. Creado, tocado, producido e mesturado por ela mesma, é un exercicio de microcomposición, onde cada pequeno aspecto leva a marca da autora.

Xa en *Isué* comezara a construír un suxeito feminino que expresaba o mundo desde unha identidade onde a pertenza a un pobo, a un país e a un xénero constituían os trazos principais. En *Ajrú* comeza a explicitar nas letras de varias pezas o seu discurso de autoafirmación feminina e cuestiona a construción social de xénero en temas como “É xera” ou “María 1”. No tema “O meu amigo” expresa a necesidade de construír as relacións en pé de igualdade. Nel é a muller a que toma a iniciativa de rematar unha relación nociva, a pesar do afecto que sente pola súa parella, porque está construída dende a desigualdade.

En *Sihá* o discurso abrangue realidades distintas a Galiza. Precisamente é neste traballo onde aparece o tema “Paralá” con melodía e base compositiva tradicional, recollida en Niñóns de Brantuas, que nos irmana con orientais, musulmá, co Brasil, coa xente africana... É moi significativo que este disco se abra co tema “Ben linda”, onde se denuncia un modelo de educación sexista e represivo, que se pode dar aquí igual ca en Turquía.

SÓS é un claro exemplo de que quen ten ben fincados os pés na Terra pode voar. O fenómeno da mundialización non só se entende como un proceso socioeconómico, senón que o “altermundismo” constrúe con forza redes globais onde a música é unha faceta importante. Xa dende o comezo da súa carreira en solitario, Mercedes Peón tivera case máis proxección fóra do Estado Español ca dentro, acadando importantes recoñecementos nos circuitos da chamada *World Music*. Neste traballo discográfico o discurso achéganos a diferentes horizontes. “Babel”, inspirada musicalmente en “Aire no cruceiro”, canta o multilingüismo dende a lingua propia. En “Elas”, Mercedes Peón reivindícase “galega, bérber, árabe marroquí...” Nesta peza, que abre o disco, o eu individual e colectivo é feminino. O segundo corte, titulado “Derórán”, constitúe un himno feminista e ecoloxista: “Implicadas coa natureza. / Implicadas na pobreza. / Implicadas polo mundo. / Implicadas coa súa terra. / A esperanza ten faciana de muller. / Unha non nace, convértese...”

Déixaas, publicado en abril deste 2018, é o seu último traballo, polo momento. Nel introduce un novo aspecto estético e temático: o mundo industrial e proletario. Inspírase en espazos acústicos industriais do entorno de Ferrol. Os sons reais foron obtidos dentro dun traballo de campo, como podemos escoitar no tema de “Plataforma”. A carón disto achéganos outras composicións en que resalta a palabra recitada en “Linguas elementais”. Dos once cortes que compoñen o traballo, destaca tamén o derradeiro, “Olores perdidos”, onde a atmosfera sonora corre a cargo dun piano. A presenza de Mónica de Nut e Ana Fernández participando nesta nova creación baixo o formato de DÉIXAAS-Banda concédelle, se cabe, aínda maior interese. O discurso feminista que foi tecendo Mercedes Peón ao longo de todos estes anos vai máis alá do verbal, converténdose nun discurso escénico, artístico.

Despois deste sintético percorrido pola súa traxectoria, podemos afirmar que Mercedes Peón tense convertido paseniña pero firmemente nunha creadora de primeira orde dentro da cultura galega.

limiar

Se eu achase a palabra
donda, escintilante,
tan lene coma o peito da andoriña,
tan rexa coma a face da verdade...

Se eu achase a palabra
de lume, de auga, de aire,
de terra aloumiñada pola brisa
que arrola cada tarde...

Se eu achase a palabra
limpa, espida, que cabe
no efémero latexo dun salouco
e abrangue a eternidade...

Se eu achase a palabra
de amor que iluminase
esta esfera que treme estarrecida
na sombra e na soidade...

Se eu achase a palabra
eu pintaría o planeta
de paz e liberdade.

María Victoria Moreno
(1939-2005)

Do libro *Elexías de luz*
(Eds. Xerais, 2006)



SEDES DE STEG

A CORUÑA

Avda. do ferrocarril s/n, Local 1752. 15007 A Coruña

Tfno/Fax 981154031

corunha@steg.gal

Horario de atención de sede: de luns a venres de 10:00 a 14:00 h. e os luns e xoves tamén de 17:00 a 19:00 h

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Pitelos nº 25, local 32, Galerías Viacambre 15702 Santiago de Compostela

Tfno/Fax 981580700

compostela@steg.gal

Horario de atención de sede: de luns a venres de 10:00 a 14:00 h. e os martes e mércores tamén de 17:00 a 19:00 h.

LUGO

Rúa Conde nº 31 - Entresollado esquerda. 27003 Lugo

Tfno/Fax 982240066

lugo@steg.gal

Horario de atención de sede: De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. e de luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h.

OURENSE

Rúa Bedoya nº 5, 2º dereita. 32004 Ourense

Tfno/Fax 988252323

ourense@steg.gal

Horario de atención de sede: martes e xoves de 10:00 a 14:00 h. e de luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h (os luns, mércores e os venres de 10:30 a 14:30 h.)


PONTEVEDRA

Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201. 36002 Pontevedra

Tfno/Fax 986 85 75 45

pontevedra@steg.gal

Horario de atención de sede: De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. e martes e xoves tamén de 17:30 a 19:30 h.



aulas
libres **10**